

ACTA Nº 11-2012
DA SESION EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLO
PLENO MUNICIPAL
DIA 04/07/2012

Marxe que se cita:

ASISTENTES

Presidente:

ADOLFO F. MUIÑOS SANCHEZ.- (BNG)

Concelleiros/as asistentes:

ADELINA CES QUINTANS (BNG)

XOAN VICENZO CES RODRÍGUEZ (BNG)

Mª TERESA SOBRADELO IGLESIA.- (BNG)

CONSTANTINO CASTAÑO CALVO (BNG)

JOSE CARLOS GEY HERMO (PSOE)

Mª OLGA GONZÁLEZ DOURADO (PSOE)
CHEGA AS 20:14

JOAQUIN DOMINGUEZ SALGADO (PSOE)

ANA MARIA AGRELO REY (PSOE)

Mª VANESA MARTÍNEZ DURAN (PP)

JOSE RICARDO BESADA GESTO (PP)

Mª DE LAS NIEVES VICENTE VARELA (PP)

JOSE LUIS CASTIÑEIRAS LESENDE (PP).-)

ELISA BOUZAS VICENTE (PP)

HADRIANA ORDOÑEZ OTERO (BNG)

SONIA CASTAÑO EIRAS (PSOE)

Concelleiros ausentes:

ANA MARIA EITOR VIDAL (PP)

Secretaria:

Carolina Costoya Pardo

Interventora:

Águeda Bello Valdés

Na Casa Consistorial de Rianxo na data sinalada ut supra, ás **20:00 horas** reúnen os/as Concelleiros/as que á marxe se indican, coa asistencia da Secretaria da Corporación, que subscribe, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, sesión do Pleno Municipal, neste caso sesión extraordinaria.

Constatada a presenza de membros en quórum suficiente para celebrar a sesión deste órgano, pola Presidencia declárase aberta a sesión e procédese a tratar os asuntos incluídos na seguinte

ORDE DO DÍA:

1º.- APROBACIÓN DO ORZAMENTO MUNICIPAL DO EXERCICIO 2012, CADRO DE PERSOAL E PLANTILLA.

2º.- APROBACIÓN DA MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL DA TAXA POLA ACTIVIDADE DE CONTROL E VERIFICACIÓN DA APERTURA DE ESTABLECEMENTOS.

3º.- APROBACIÓN DA MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE CONSTRUCCIÓN, INSTALACIÓN E OBRAS.

4º.- APROBACIÓN DA MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA ACTIVIDADE DE CONTROL E VERIFICACIÓN DE ACTUACIÓN URBANÍSTICAS.

5º.- APROBACIÓN DA ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DAS ACTIVIDADES DE SERVIZOS E PROCEDEMENTOS DE INTERVECIÓN E CONTROL MUNICIPAL.

1.- APROBACIÓN DO ORZAMENTO MUNICIPAL DO EXERCICIO 2012, CADRO DE PERSOAL E PLANTILLA.-

O Sr. Alcalde parte da proposta que figura no expediente deste asunto, que literalmente di:

<<Dada conta do expediente tramitado para a aprobación, de ser o caso, do orzamento desta entidade, formado para o exercicio de 2012 polo Alcalde deste Concello. Considerando que na súa

tramitación se cumpriron os requisitos que sinala a lexislación vixente e que contén os documentos que preceptúan os artigos 165, 166 e 168 e concordantes do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, e o Real Decreto 500/1990, do 20 de abril. Vistos o informe emitido pola Intervención e a demais documentación esta Alcaldía propón ó Pleno a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Aprobar inicialmente o orzamento desta entidade para o exercicio de 2012, a contía do cal quedou fixada, en GASTOS ascende a un total de 6.157.651,85 € e en INGRESOS, ascende a un total de 6.188.968,68 €, asignando a cada un dos capítulos as seguintes cantidades:

Orzamento de ingresos

Capítulo	Descrición	Importe
1	Impostos directos	2.009.934,86 €
2	Impostos indirectos	74.248,29 €
3	Taxas e outros ingresos	1.114.155,75 €
4	Transferencias correntes	2.779.679,79 €
5	Ingresos patrimoniais	0,00 €
	Ingreso corrente	5.978.018,69€
6	Alienación investimentos reais	0,00 €
7	Transferencias de capital	210.949,99 €
8	Activos financeiros	0,00 €
9	Pasivos financeiros	0,00 €
	Ingreso de capital	210.949,99 €
	TOTAL INGRESO	6.188.968,68 €

Orzamento de gastos

Capítulo	Descrición	Importe
1	Gastos de persoal	2.451.641,13 €
2	Gastos en bens correntes e servizos	1.935.532,75 €
3	Gastos financeiros	272.402,50 €
4	Transferencias correntes	118.225,00 €
	Gasto corrente	4.777.801,38 €
6	Inversións reais	195.563,82 €
7	Transferencias de capital	55.000 €
8	Activos financeiros	0,00 €
9	Pasivos financeiros	1.129.286,65€
	Gasto de capital	1.379.850,47 €
	TOTAL GASTO	6.157.651,85 €

Segundo.- Aprobar, igualmente, as bases de execución que acompañan ó orzamento

Terceiro.- Amortizar os postos de funcionario que se relacionan a continuación:

Denominación do posto:	<u>Auxiliar administrativa (vacante)</u>
Número de postos:	1
Características:	

Cuarto.- Amortizar o posto de persoal laboral que se relacionan a continuación

Denominación do posto:	<u>posto de encargado de obras e servizos básicos (xardíns) recollido no PEEPR co nº 21 (vacante)</u>
Número de postos:	1
Características:	

Quinto.- Reservar un posto para segunda actividade da policía local ante o cumprimento da idade dun dos membros, polo que, existindo dous postos de oficial, reservárase un destes para tal fin cuxas características figuran no anexo II.

Sexto.- Distínguense os contratos de obra e servizo determinado vinculados totalmente a subvención do resto do persoal laboral.

Sétimo.- Aprobar, así mesmo, o cadro de persoal e a relación de postos de traballo, coas modificacións puntuais indicadas nos apartados anteriores.

Oitavo.- Aprobar, así mesmo, o cadro de persoal e a relación de postos de traballo, coas modificacións puntuais, en relación coas prazas de:

1. Aumento de específico dunha posto reservado a segunda actividade derivado da sentenza do xulgado contencioso administrativo nº dos de Santiago de Compostela de data 7 de xuño de 2012:

RELACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO DO PERSOAL FUNCIONARIO:

Número de postos: 1
 Denominación da praza ou posto de traballo: **auxiliar administrativo**
 Grupo: c1
 Nivel de complemento de destino:
 Complemento específico: 6.652,17 €/ano

e as demais propostas e recollidas no documento para o persoal eventual e laboral .

Noveno.- Que se expoña ao público a plantilla-cadro de persoal e orzamento polo prazo de quince días hábiles, para os efectos de reclamacións, conforme ó preceptuado no artigo 169.1 do citado Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo.

Decimo.- Que no suposto de non presentarse reclamacións contra o presente acordo de aprobación inicial do orzamento e de modificación da plantilla considerárase definitivamente aprobado, debendo cumprirse o trámite da súa publicación, resumido por capítulos, no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios deste Concello, xuntamente co cadro de persoal e a relación de postos de traballo, segundo dispoñen os artigos 127 do Real Decreto Legislativo 781/1986, do 18 de abril, e 169.3 do repetido Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo; e noutro caso procederá de acordo co previsto no número 1 deste último artigo.

Undécimo.- Que de conformidade co número 4 do mesmo artigo, se remita copia do referido orzamento á Administración do Estado e á Comunidade Autónoma (a esta última por vía telemática ao abeiro da orde do 15/12/2010, DOG 23/12)

ANEXO I.- CADRO PERSOAL-PLANTILLA (xuño 2012)

FUNCIONARIOS DE CARREIRA				
<u>ESCALA DE FUNCIONARIOS CON HABILITACIÓN DE CARACTER ESTATAL</u>				
Nº	Denominación	Grupo	C.D.	Titularidade/ Situación administrativa
1	Secretaria	A1	28	1 Propiedade ocupada polo titular do posto
1	Interventora	A1	28	1 Vacante ocupada nomeamento provisional
1	Tesoureiro	A1	28	1 Vacante ocup.en nomeamento accidental
<u>ESCALA DE ADMINISTRACIÓN XERAL</u>				
a) Subescala Técnica:				
1	Técnico Administración Xeral	A2	26	1 Vacante non ocupada
b) Subescala de auxiliares:				
2	Auxiliares administrativos	C2	18	2 ocupadas x titulares das prazas
1	Administrativo (reservada a segunda actividade Policía Local)	C1	18	1 ocupada por Policía Local en segunda actividade
1	Axente Recadador	C2	18	1 Vacante ocupada por Func. interino.
<u>ESCALA DE ADMINISTRACIÓN ESPECIAL</u>				

a) Subescala Técnica:				
1	Arquitecto	A1	26	1 Vacante non ocupada
1	Arquitecto técnico	A2	26	1 ocupada polo titular da praza
b) Subescala de servizos especiais:				
1	Inspector	A2	22	1 ocupada polo titular da praza
2	Oficial Policía (1 reservada a segunda actividade)	C1	18	1 ocupada polo titular da praza 1 vacante non ocupada
8	Policías Municipais	C1	18	6 ocupadas polos titulares das prazas 2 vacantes / 1 ocupada en CS outra non ocupada
3	Conserxes	Agrup.Prof.	14	3 ocupadas polos titulares das prazas
1	Operario de Servizos Varredor	Agrup.Prof.	14	1 ocupada polo titular da praza
PERSOAL LABORAL FIXO				
Nº	Denominación	Categoría	Tipo	Observacións
DEPARTAMENTO DE SECRETARÍA E ADMINISTRACIÓN XERAL (SAX)				
<i>(SAX)Unidade de servizos xerais de secretaría.</i>				
1	Administrativo Oficinas	III	Fixo	Vacante (PEEPR nº 01)
<i>(SAX) Unidade de atención ó público, rexistro e padrón.</i>				
1	Auxiliar administrativos	IV	Fixo	Vacante(PEEPR nº 02)
<i>(SAX) Servizo de informática</i>				
1	Técnico superior de Informática (enxeñeiro inform)	I	Fixo	Vacante (PEEPR nº 03)
<i>(SAX) Unidade de persoal e desenvolvemento local</i>				
1	Técnico local de emprego e desenvolvemento local (AEDL)	I	Fixo	Vacante(PEEPR nº 05)
DEPARTAMENTO DE URBANISMO (DU)				
1	Auxiliar administrativo	IV	Fixo	Vacante(PEEPR nº 06)
DEPARTAMENTO DE OBRAS E SERVIZOS BÁSICOS (DOSB)				
1	Operarios servizos múltiples-oficinas	V	Fixo	Vacante (PEEPR nº 04)
1	Condutor	V	Fixo	Vacante (PEEPR nº 07)
1	Mecánico	V	Fixo	Vacante (PEEPR nº 08)
1	Soldador- condutor	V	Fixo	Vacante (PEEPR nº 09)
1	Operario Cemiterio e Xardíns	V	Fixo	Vacante (PEEPR nº 10)
<i>(DOSB) unidade de parques e xardíns.</i>				
1	Operario parques e Xardíns	V	Fixo	Vacante (PEEPR nº 11)
<i>(DOSB) unidade de mantemento e limpeza de bens municipais</i>				
3	Operarias limpeza	V	Fixo	Vacante (PEEPR nº 12,13,14)
5	Operarias limpeza	V	Fixo,T.Parc	Vacante (PEEPR nº 15,16,17, 18,19)
<i>(DOSB) unidade de obras</i>				
1	Encargado Obras e Servizos Basicos	V	Fixo	Vacante (PEEPR nº 20)
DEPARTAMENTO DE DEPORTES (DD)				
2	Animadores Deportivos (Tecnico-monitor e animador deportivo)	III	Fixo	Vacante (PEEPR nº 22 e 23)

1	Operario (apoio pavillóns)	V	Fixo	Vacante (PEEPR nº 24)
1	Conserxe Pavillón	V	Fixo	Vacante(PEEPR nº 25)
DEPARTAMENTO DE XUVENTUDE (DXU)				
<i>(DXU) unidade de dinamización xuvenil</i>				
1	Responsable oficina información xuvenil (Técnico Información Xuvenil)	III	Fixo	Vacante(PEEPR nº 26)
DEPARTAMENTO DE EDUCACIÓN E CULTURA (DEC)				
1	Técnico Animador cultura- auxiliar ASC	IV	Fixo	Propiedade
<i>(DEC) unidade de biblioteca</i>				
1	Auxiliar Biblioteca	IV	Fixo	Vacante (PEEPR nº 27)
<i>(DEC) Unidade de educación de adultos</i>				
1	Mestre Educación Adultos	II	Fixo,T.Parc	Vacante(PEEPR nº 28)
1	Mestre auxiliar Educación Adultos	III	Fixo,T.Parc	Vacante(PEEPR nº 29)
DEPARTAMENTO DE BENESTAR SOCIAL E IGUALDADE (DBSI)				
1	Técnico Medio de Servizos Sociais	II	Fixo	Vacante (PEEPR nº 30)
<i>(DBSI) unidade de atención primaria</i>				
2	Auxiliar axuda no Fogar	V	Fixo,T. Parc	Vacante(PEEPR nº 31,32)
<i>(DBSI) unidade de atención psicopedagóxica</i>				
1	Pedagogo	I	Fixo	Vacante (PEEPR nº 33)
1	Monitor Manualidades	IV	Fixo,T.Parc	Vacante(PEEPR nº 34)
DEPARTAMENTO DE TURISMO E MEDIOAMBIENTE				
1	Educador ambiental e turístico	II	Fixo	Vacante PEEPR nº 35)
1	Tecnico Medio de Actividades	II	Fixo	Vacante(PEEPR nº 36)
OUTRO PERSOAL LABORAL				
Nº	Denominación obra ou servizo- en condición de:	Categoría		
2	Condutores	V		
1	Oficial 1ª	V		
4	Auxiliar axuda no Fogar	V		
1	Conductor Ambulancia	V		
1	Auxiliar Admtvo Servizos Sociais	IV		
1	Axente Auxiliar de Desenv. Local	II		
2	Auxiliares Recadación	IV		
1	Animador Cultural	II		
1	Administrativo Obras	III		
1	Auxiliar administrativo (Oficinas Xerais)	IV		
1	Bedel Biblioteca	V		
3	Peóns Xardinería	V		
1	Carpinteiro	V		
1	Fontaneiro	V		

1	Auxiliar Oficinas Intervención (Tec. Informática Xestión)	III		
1	Tco.Licenc.Empresariais Intervención	I		
1	Animador Cultural	II		
1	Monitor Deportivo	III		
1	Peón Carpinteiro	V		
1	Educadora Familiar	II		
1	Traballadora Social	II		
2	Auxiliares de Policía	IV		
POR OBRA OU SERVIZO DETERMINADO				
1	Arquitecto ARI	I		
1	Auxiliar administrativo ARI	IV		

ANEXO II.- POSTO RESERVADO Á SEGUNDA ACTIVIDADE POLICIA LOCAL

Nome do posto: Oficial de Policía Local.

Situación: reservado a segunda actividade de membros do Corpo de Policía (art.60 LCPL)

Horario: Luns a venres en xornada completa de mañá, sen prexuízo de adaptacións para o exercicio das súas funcións que determine a Alcaldía excepcionalmente.

Formación axeitada ao posto: a propia do Oficial de Policía Local.

Funcións:

1. Control e vixilancia da seguridade dos edificios destinados ás dependencias municipais.
2. Xestión e control do mantemento dos medios técnicos que o corpo de policía local utiliza para cumprir coas súas obrigas: Vehículos e o material relacionado con eles, sistemas de transmisións e telecomunicacións, vestiario e equipamento.
3. Asistencia e apoio a traballos non operativos relacionados coa investigación de accidentes de tráfico e outras actividades relativas á seguridade viaria como: *controis de velocidade, de alcoholemia, colaboración na regulación do tráfico, control e seguimento do absentismo escolar, supervisión de zonas de estacionamento limitado (zona azul e outras); educación viaria.*
4. Tarefas administrativas.
5. Xestión de recursos humanos e de control e mantemento de medios materiais
6. En xeral, todas aquelas actividades técnicas de asesoramento, instrumentais de xestión e apoio da actividade policial ou relacionadas con ela, de características similares ás expresadas nos parágrafos anteriores, sempre que estas non impliquen actuacións policiais operativas.
 - Atención ao público. Atención cidadá en xeral.
 - Apoio na tramitación de licenzas, permisos, autorizacións e sancións administrativas.
 - Apoio na análise estatística e nas tarefas informáticas.
 - xestión, supervisión e control de infraccións ás ordenanzas municipais (zona urbana e rural);
 - apoio ao servizo de inspección tributaria;
 - apoio en actuacións de control medioambiental e de trámites xudiciais>>

A devandita proposta someteuse a **DITAME** da **MESA DE NEGOCIACIÓN ante as organizacións sindicais e delegados de persoal** o día 25/06/2012, que consta no expediente sendo este favorable.

Asemade someteuse a **DITAME** da **COMISION INFORMATIVA DE ECONOMÍA, FACENDA, INDUSTRIA, COMERCIO E EMPREGO** do día 29/06/2012, sendo este favorable.

O Alcalde explica que se atrasou ata o de agora para poder determinar de xeito mais aproximado: os recursos municipais cos que se pode contar sen renunciar a prestación de servizos que presta o concello, facer fronte aos recortes efectuados pola Xunta de Galicia e o Estado, valorouse a continuidade na prestación de certas actividades, a posibilidade de

esixir mais aportacións aos veciños, redúcense as aportacións aos grupos... e todo ilo co compromiso de retomar a colaboración coas entidades sociais, culturais, etc.

[Incorporase a concelleira M^a Olga González Dourado]

Segue o Alcalde explicando que os investimentos que se confinan por outras Administracións públicas son mínimos aínda que procurárase a súa obtención vía subvención para cubrir as necesidades. Di que pasou o tempo das grandes infraestruturas para pasar a manter e empregar as existentes, soste a plantilla sen reduci-la en vez de facer despedimentos, téndose negociado cos sindicatos nos temas de persoal. Menciona varias obras e algunha outra que non se engadiron nos orzamentos por prudencia ata que se vaia vendo que axudas chegan. E conclúe que estas son as liñas xerais destes orzamentos a piques case de traer os seguintes.

O Sr. Alcalde da a palabra aos voceiros dos grupos políticos.

DEBATE:

Comeza a voceira do grupo municipal Partido Popular, D.^a M^a Vanesa Martínez Duran, quen di que vai analizar os orzamentos baseándose no plan de axuste, pois tense que cumprir o principio de estabilidade, e así en atención ás medidas que nel se recollían obsérvase o seguinte:

- Medida 10 do informe do 28/03/2012 “reducción celebración contratos menores alumeadado público e subministros eléctricos”, estímase unha redución de 82.000€ ao ano.

Sen embargo, no exercizo 2011 figuraban 42.000€ para o “contrato de mantemento de alumeadado público” e no 2012 presupóstanse 44.225€, é dicir, 2.225€ mais que o ano anterior; e no tocante ao subministro de enerxía eléctrica que no exercizo 2011 figuraban 190.000€ para este ano 2012 asígnanse créditos por 150.000€.

Conclusión, ou se orzamentou de mais no 2011 ou se está presupostando mal agora, pois é imposible xerar 40.000€ de aforro en alumeadado, tendo en conta que as tarifas eléctricas subiron, o que vai conlevar o impago de facturas á compañía subministradora. Ou é que contemplan vostedes, acabar por pagar todo o alumeadado público? Porque a outra opción que queda é que volten a meter facturas no caixón.

- Medida 1, sobre redución dos custos de persoal en 60.000€.

No capítulo 1 do orzamento do exercizo 2011 estimábase unha cuantía de 2.352.734,71€, e no 2012 presupóstanse en 2.451.641,13€. Pois ben, medida incumprida xa que logo o custe aumentou en 100.000€!.

- Medida 16: redución de consignación de transferencias corrientes- gastos.

No capítulo 4 do 2011 contemplábanse 152.600€, pero para o 2012 dispónse de 118.225€. Ou sexa que medida incumprida. Non se axusta ao recollido no plan de axuste, pois hai unha diferenza de 34.375€.

Imos sufrir unha redución da capacidade inversora do concello nun 60,15% para o 2012, pasando a consignación de 490.804 a 195.563€. Polo cal pasamos dun 8% a un 3% respecto o total do orzamento.

Continúa a voceira sinalando outros aspectos:

- En canto ao capítulo 3 obsérvase un grande aumento dos custos financeiros nun 111%, pasando de 129.127€ (o 2,126%) no 2011 a 272.402€ (o 4,424%) neste 2012, polo tanto mais do dobre!.
- E no capítulo 9 recóllese un aumento de pasivos financeiros do 16%, xa que no 2011 eran 975.260€ e agora recóllense 1.129.286€.
- O capítulo 1 supón aproximadamente un 40% do orzamento municipal. Isto é unha bestialidade; inverten case a metade dos orzamentos en pagar soldos. Saben vostedes que teñen unha plantilla sobredimensionada, verdade?
- A partida 920-35200, xuros de mora son 10.000€.
Os xuros de mora das facturas sen consignación son 66.402,50€. A que se debe e esta asignación? A pesar do plan de saneamento no 2010 e do plan de axuste neste ano aínda temos mais débedas esperando gardadas? Pois estes 77.402,50 consignados para xuros de mora así nolo fan temer.
- Contemplamos alarmados que aumentaron as dietas para os membros da corporación nun 5,43%, pasando de 44.160 a 46.560€. Namentres outros agardamos a que se nos abone a asignación por grupo político que nos corresponde por lei e temos que estar gastando teléfono propio para reclamala. No equipo de goberno cóbranse dietas, e o peor, para este ano aínda se aumentan. Señores, gastan sobre 175€/día hábil. Cómo é que poden gastar casi 30.000 das antigas pesetas ao día? Semella que se valoran como os altos cargos,e mentres os provedores teñen que esperar. Xa lle anuncio que vostedes teñen que xustificar eses gastos, que cobrou, cales foron as xestións realizadas, os quilómetros que percorreron, con que autoridades estiveron e cales foron os resultados para este concello das viaxes.
- Por outra banda, consígnanse 45.000€ para estudos e traballos técnicos no programa de limpeza viaria (163-227.06). Para qué se consigna esa partida? Que estudos e traballos técnicos ten que facerse para limpar as vías de competencia municipal?
- Destínanse 133.618,65€ do POS 2012 a financiar gasto corrente. Isto provoca unha redución da actividade inversora do concello, pois esta fonte de financiamento está pensada para levar a cabo inversións e non para tapar os buratos que se xeran polo descontrol no gasto municipal. Esta manobra fala por si sola, xa que explica moi ás claras que este concello non é capaz de cubrir os seus gastos correntes con ingresos correntes e polo cal, recorre ano tras ano nun 50% ao POS para cubrir o devandito déficit.

Nestes orzamentos ven unha nula contención do gasto corrente, tan mínimo que só alcanza 35.000€. Polo cal o orzamento 2012 non se pode aprobar tal e como está elaborado, xa que o Real Decreto 4/2012 recolle no artigo 7, apartado 2 que “ os orzamentos deben ser conscientes co plan de axuste aprobado” e este orzamento non cumpre con esta lei polos seguintes motivos:

1º Redución dous custes en persoal: non cumpre xa que aumentan en 100.000€

2º. Redución en celebración de contratos menores: non cumpre, é imposible reducir a factura eléctrica en 40.000€ anuais, a non ser que se anule o servizo na maioría do alumado público, por non falar da subida da tarifa eléctrica.

3º. Suba tributaria do IVTM, non cumpre. Esperábanse uns dereitos recoñecidos de 552.029€ e presupóstanse para o 2012 uns 542.058,88€. Un déficit de case 10.000€

4º.- Reforzado da eficacia recadatoria executiva e voluntaria, non se cumpre tampouco. Despois de analizar este proxecto de orzamento decatámonos que nin se materializa nin se concreta a medida.

Díganos vostedes: se non cumpren co Plan de Axuste, co que están obrigados legalmente, nin sequera o intentan, polo que se ve reflectido na realización destes proxectos de orzamento, que vai ser deste concello?

E remata a voceira dicindo que neste concello economicamente estase peor que en BANKIA, estamos en crack financeiro. Continúen vostedes así que non van poder garantir os soldos do personal ata o final da lexislatura. Como consello, se o queren ter en conta: conteñan o gasto porque o que non se pode facer é gastar en lavar e alinear un todoterreo e sin facerlle mais nada pagar 820,97€, cando noutro sitio iso custa 70€.

O Alcalde pásalle o turno ao voceiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE, Don José Carlos Gey Hermo que di que estes orzamentos son realistas, baseándose en ingresos reais e o principio de prudencia, o que se observa en aspectos como:

- ao non contemplar as achegas non confirmadas que se poderían recibir doutras Administracións,
- na redución dalgunhas partidas como as destinadas a protocolo, publicidade, transportes, partidos políticos...

Asemade, di o voceiro, o goberno optou por manter os programas sociais e de participación cidadán, manter o persoal municipal existente, apoiar o deporte e a cultura, e incluso se habilitan partidas para áreas novas: fomento do comercio e industria, xuventude e novas tecnoloxías.

Cree, en suma, que son os orzamentos mellores posibles nesta conxuntura económica, garantindo a estabilidade orzamentaria, cumprindo co plan de saneamento de 2009 e co plan de axuste do Estado de 2012 informado favorablemente polo Ministerio de Facenda.

E procede a desagregar as previsións dos ingresos do exercizo orzamentario:

Incrementaron os ingresos respecto do 2011 en 114.764€, polo que serían respecto dos ingresos correntes unha suba ao 96,59% cando antes supoñían un 94,99% e respecto dos ingresos de capital pasan ao 3,41% en vez dos 5,01 do exercizo 2011. Polo tanto estase a incrementar e mellorar a xestión recadatoria.

- Os ingresos das taxas e prezos públicos aumentaron en dous puntos, supoñendo un 53% do total de ingresos correntes.
- En canto ao incremento do IVTM ven dado pola aprobación en pleno da subida conforme ao IPC.
- Respecto da transferencia con cargo aos tributos do Estado sube porque se cumpre coas esixencias legais pasando a ser do 44,9% do total de ingresos correntes.

Di que en canto ao cadro de gastos si que hai un incremento (incluso en gastos correntes) pero se corresponde coa alzada correlativa dos ingresos.

- O do persoal quedase por debaixo do 40% en que sí se atopan outros concellos, e ademais hai unha redución xa que o ano pasado non se engadira a partida para os gastos de persoal da Guadalupe incluída a Seguridade Social, e ademais lembra que a redución dun 5% imposta polo Estado aos traballadores é un crédito que non se pode tocar é suma 126.000€.
- En canto a operación de capital están as inversións reais que baixaron.
- hai incremento en pasivos financeiros.

E engade que teñen un superavit neto de 31.317€ que posibilitará reducir o déficit negativo actual.

Polo tanto, vendo as partidas punto por punto están perfectamente razoadas, ademais resalta que o concello está a asumir gastos impropios, poñendo como exemplo os correspondentes ao mantemento dos colexios e centro médico de Taragoña, gastos que suman a cantidade de 212.000€, que é o 4% do capítulo de gastos, en concepto de persoal de limpeza e conserxerías, obras de conservación, electricidade, teléfono...gastos que deberían ser asumidos polas correspondentes consellerías da Xunta de Galicia.

A 31/12/2011 a débeda era de 4.588.313€ que era o 75,90% do límite permitido que é o 110%, pois ben, para finais de 2012 prevese reduciilo por debaixo do 75% recomendado.

Por outra banda estase a executar o plan de saneamento e a previsión é que a finais de ano esa cifra se reduza.

O expediente conta cos preceptivos informes de intervención

En canto a redución do Plan de Axuste polo tema do alumado público o voceiro avanza que se está a traballar nos pregos para licitarlo todo xunto esperando que así se consiga redución de gastos neste apartado. En canto ao persoal non hai sobredimensionamento xa que logo non hai persoal eventual nin se contratou a ninguén novo agas aquelas contratacións temporais cofinanciadas que xurdan.

O esforzo que se esta a facer é para atender o que hai, atender as demandas dos veciños o funcionamento da brigada de obras, etc.

Non están recollidas algunhas achegas como a Rampa de Rianxiño e a ampliación da Ponte de Te, ilo por ser prudentes ata que se confirmen as axudas da Xunta de Galicia, e dilo vai depender que moitas obras non se podan levar a cabo neste ano.

O capítulo 3 e 9 son reais, as obrigas de financiamento esixen recollelas.

En canto ás dietas e transportes di que é moi grave o grave o dito pola concelleira do PP sen informarse, el mesmo en todos os anos que leva xamais pasou dieta ou transporte. Estas dietas correspóndense coa asistencia as comisións informativas, asistencia a plenos...e que por dietas e transporte só se corresponden, en todo o exercizo, 67,01€ por un viaxe á Deputación da Coruña con motivo de finalizar o Plan de axuste requirido polo Estado.

O alcalde di que se corresponde cos 46.000€

Don José Carlos Gey Hermo di que a interventora o pode confirmar.

O alcalde autoriza a interventora e esta resposta que si se corresponde coas asistencias aos órganos colexiados. Non pode dicirle agora si é a partida que a concelleira di pero que si lla di llo verifica.

D.^a M.^a Vanesa Martínez Duran di que llo preguntará.

Don José Carlos Gey Hermo di que no exercizo 2012, a pesares da inclusión de novas partidas para a redacción do PXOM, revisión catastral e do ICIO, prevese un 2,37% menos que no 2011 en gastos correntes e hai un informe de intervención que así o di, así que si se cumpre o plan de axuste e o plan de saneamento. A pesar de non recibirse unha gran parte

do cofinanciamento en servizos como de axuda a domicilio, e outros programas sociais que segueran a prestarse.

Solicita que se lean ben os orzamentos e senón que pregunte á intervención. O dito pola voceira do PP respecto dos 45.000€ no capítulo de gastos non é para un estudo de limpeza viaria senón para licitación do servizo.

En canto a deportes procurouse manter os que estaban e o mesmo acontece coas subvencións as asociacións, ou a Fundación amigos de Galicia que facilitan alimentos ás familias necesitadas.

En canto a festas populares baixase a aportación pero se segue a apoiar, asemade acontece respecto do programa da Área de Rehabilitación Integral.

Os pasivos financeiros pódense afrontar por este concello.

Á vista do exposto, cree que a concelleira do PP debe rectificar algunhas das afirmacións que efectúo.

Por último no ICIOponse unha partida de 75.000€ que espera se superen.

E conclúe: a pesar de manter os programas sociais, educativos, deportivos, achegas etc, este concello ten a capacidade de reducir gastos, de reducir as débedas e cumprir co plan de axuste e a estabilidade orzamentaria.

Pásaselle á palabra á voceira do grupo municipal do BNG, Dona Adelina Ces Quintáns, quen di que ve os orzamentos tras todo este detalle moi reais e que permiten afrontar a situación económica neste estado neoliberal que impón a Sra. Merkel. Cúmrese coa estabilidade orzamentaria e o plan de axuste actual e o Plan de saneamento municipal do 2009. Hai unha redución de ata un 20% en festexos e incluso quere recalcar a aceptación polos traballadores municipais dos recortes ao seus soldos. Hai que cumprir coa normativa na situación de crise e non reducir os servizos de educación, sociais ou culturais, porque o que se debería é reducir nos bancos e políticos corruptos que nos levaron a este desastre e que agora se quere facer pagar aos máis débiles que non disfrutaron da boa vida de burbulla inmobiliaria e así pagan outros por aquela desfeita coste o que coste.

D.^a M^a Vanesa Martínez Duran di que as dietas son dietas, o pago das asistencias ás comisións son outra cousa. Cando informa a intervención o fai o habilitado pero tamén hai informes doutros funcionarios que se fan valer. O goberno baila as partidas e di as cousas bonitas, xustifíqueos e volvan a pedir unha operación de endebedamento. Non están afrontando a situación actual municipal. Indignarse non serve de nada e non lle vai dicir porque non pode, o que o ten que estar é o concello de rianxo cumprindo a normativa.

Don José Carlos Gey Hermo di que co dito agora vese que o PP non ten argumentos para criticalos, o que di en relación coa intervención municipal é grave, e ademais lle lembra que vai a haber unha tesoureira habilitada nacional que velaran pola boa xestión. Se non confía nestes habilitados xa non hai nada que dicir máis que é unha mágoa. Se o que di e que nun informe se poda cambiar o asinado pola intervención é tremendo.

D.^a M^a Vanesa Martínez Duran di que non é ese o informe ao que se refire, que non terxiverse.

Don José Carlos Gey Hermo di que se debe ser responsable no que está a dicir e faga unha oposición dura pero realista non trate de confundir e provocar.

O alcalde quere comentar antes de votar que aínda que poda ser unha cousa habitual na política cando se fai unha falta que afecta persoalmente debese rebater, cando quere adxudicar un aumento das dietas e renumeracións dos membros do goberno se esta mentindo, nin el nin o 1º tenente de alcalde pasaron comida nin transporte se se confundiu é unha pena porque para algún medio de comunicación vai quedar eso como gastos a maiores. En segundo lugar cáusalle ledicia que a plantilla este sobredimensionada e non van votar ninguén a rúa, e lle alegra que o PP este a favor de votar aos traballadores a rúa, e así eles saberán que o goberno municipal prefire apandar coa débeda que votar traballadores ou prescindir de prestar os servizos sociais. Esta encantado desa raia ideolóxica. Para rematar di que lle parece ben o dito do POS pero se pon unha ferramenta inmoral nas mans do concello; cree que a Deputación da Coruña ten bo criterio e a posibilidade de dedicar parte dese plan aos gastos correntes permite afrontar outros gastos que non chegan por outros lados, polo que a inmoralidade sería non aproveitalo.

Rematado o debate, sométese a proposta recollida ao principio deste punto a **VOTACIÓN**, e cos votos a favor de 11 concelleiros (os 6 do BNG e 5 do PSOE-PSdeG), 5 votos en contra (os 5 do P.P.), 0 abstencións, do total de 16 concelleiros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación, resulta **APROBADA** nos termos desta.-/

2.- APROBACIÓN DA MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL DA TAXA POLA ACTIVIDADE DE CONTROL E VERIFICACIÓN DA APERTURA DE ESTABLECEMENTOS.-

O Sr. Alcalde parte da proposta que figura no expediente deste asunto, que literalmente di:

<<Tal e como se preceptúa no Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas, no artigo 15 a 19, e có fin de adaptar a ordenanza a recente aprobación do Real decreto Lei 19/2012, de 25 de maio, de medidas urxentes de liberalización do comercio e de determinados servizos, pretendese lograr a dinamización do sector comercial, permitindo un réxime mais flexible de aperturas, mediante a eliminación de cargas e restricións administrativas existentes que afectan ao inicio e exercicio da actividade comercial, en particular mediante a supresión das licencias de ámbito municipal vinculadas cos establecementos comerciais, as súas instalacións e determinadas obras previas.

Emitido o preceptivo informe de intervención, con data 22 de xuño de 2012..

En virtude do exposto, e en consonancia coa documentación do expediente, propónse ó Pleno a adopción do seguinte ACORDO:

Primeiro.- Aprobar provisionalmente a modificación da Ordenanza Fiscal reguladora da Taxa pola actividade de control e verificación da apertura de establecementos, que queda coa a seguinte redacción:

ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA ACTIVIDADE DE CONTROL E VERIFICACIÓN DA APERTURA DE ESTABLECEMENTOS.
--

Artigo 1º. - Fundamento e natureza

No uso das facultades concedidas polo artigo 106 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e os artigos 133.2º e 142 da Constitución Española, e de conformidade co artigo 20.2 do Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, aprobado por Rd. Lexislativo 2/2004, do 05 de marzo, este concello establece a taxa pola actividade de control e verificación da apertura de establecementos, previo ou posterior ao inicio da actividade segundo sexa por licenza/autorización ou por comunicación previa ou declaración responsable, cuxo réxime xurídico ven recollido na presente ordenanza fiscal, aprobada en desenvolvemento do artigo 57 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Artigo 2º. - Feito impoñible

1. Constitúe o feito impoñible da taxa a actividade municipal, tanto técnica como administrativa, tendente a verificar se os establecementos industriais e mercantís reúnen as condicións de tranquilidade, sanidade, salubridade e calquera outra esixencia pola normativa aplicable, como presuposto necesario e previo para

presentar polo promotor da actividade a comunicación previa ou declaración responsable ou ben para o outorgamento polo concello da licenza de apertura segundo corresponda.

2. Para tal efecto, terán a consideración de apertura:

- a) A iniciación por vez primeira do establecemento para dar comezo as actividades.
- b) A variación ou ampliación da actividade desenvolta no establecemento aínda que continúe o mesmo titular
- c) A ampliación do establecemento e calquera alteración que se leve a cabo no local e que afecte ás condicións sinaladas no parágrafo 1º deste artigo, esixindo unha nova verificación.

3. Asemade, se entenderá por establecemento industrial ou mercantil toda edificación habitable, estea ou non aberta ó público, que non se destine exclusivamente a vivenda e que ademais:

3.1.- Se dedique ó exercicio de algunha actividade empresarial fabril, artesanía da construción, comercial e de servizos que estea suxeita ao Imposto Sobre Actividade Económicas.

3.2.- Que aínda sen desenvolver aquelas actividades sirvan de auxilio ou complemento destas, ou teñan relación con elas en forma que lles proporcione beneficios ou aproveitamento como por exemplo, sedes sociais, axencias, delegacións ou sucursais, escritores oficinas, despachos ou estudos.

Artigo 3º. - Suxeito pasivo.

Son suxeitos pasivos contribuíntes as persoas físicas ou xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 35.4º da Lei Xeral Tributaria, titulares da actividade que se pretende desenvolver ou, no seu caso, se desenvolve en calquera establecemento industrial ou mercantil.

Artigo 4º. - Responsables

Responderán solidariamente das obrigas tributarias do suxeito pasivo as persoas físicas e xurídicas aos que se refires os artigos 42 da Lei Xeral Tributaria.

Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos, interventores ou liquidadores de quebras, concursos, sociedades, e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o art. 43 da Lei Xeral Tributaria.

Artigo 5º. - Base Impoñible

Constitúe a base impoñible a cota do Imposto Sobre Actividades Económicas que corresponda ao establecemento **obxecto da licenza ou comunicación previa ou declaración responsable.**

Artigo 6º. - Tipo de gravame e cota tributaria

1. O tipo de gravame resulta da aplicación sobre a base impoñible da cota tributaria.
2. A cota tributaria pola actividade de verificación e control da apertura de establecementos será do 75% da cota do IAE.-
3. En calquera caso, o mínimo será de 30€, agás industrias que será de 60€.

Artigo 7º. - Devengo

1.- Devengarase a taxa e nace a obriga de contribuír cando se inicie a actividade municipal que constitúe o feito impoñible. Entenderase iniciada dita actividade na data de presentación da solicitude de licenza de apertura ou comunicación previa ou declaración responsable.

2.- Cando a apertura tivera lugar sen haber obtido a oportuna licenza da Taxa ou presentada a comunicación previa ou declaración responsable devengarase cando se inicie a actividade municipal conducente a determinar se o establecemento reúne as condicións esixibles, con independencia de que o resultado do expediente sexa a autorización da apertura, a conformidade da comunicación previa ou declaración responsable coa normativa aplicable, ou a orden de peche se aquela non se pode autorizar.

3.- A obriga de contribuír tampouco se verá afectada pola denegación da licenza solicitada, pola disconformidade coa comunicación previa ou declaración responsable nin pola posterior renuncia ou desistimento do solicitante.

Artigo 8º. - Declaración. Liquidación e Ingreso

Os interesados deberán especificar na solicitude de licenza ou na comunicación previa ou declaración

responsable a actividade ou actividades a desenvolver no local acompañando a alta no Imposto Sobre Actividades Económicas.

Practicada a liquidación da Taxa comunicarase ao suxeito pasivo para o seu ingreso nas entidades colaboradoras, nos prazos que sinala o Regulamento Xeral de Recadación.

Artigo 9º. - Infraccións e sancións

A cualificación das infraccións tributarias así como as sancións que correspondan reguláranse polo que establece o art. 77 e seguintes da Lei Xeral Tributaria

Disposición final.

A presente ordenanza entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

Segundo.- Expoñer o ó público no taboleiro de Edictos da Corporación e no Boletín Oficial da Provincia e nun diario dos de máis difusión da Provincia, durante trinta días, para que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas. De non formularse reclamacións entenderase definitivamente aprobado o acordo, ata entón provisional, sen necesidade dun novo acordo plenario.

Terceiro.- Os acordos definitivos, incluído os provisionais elevados automaticamente a tal categoría e o texto íntegro das Ordenanzas ou das súas modificacións, deberán publicarse no B.O.P., sen que entren en vigor ata que se leve a cabo dita publicación.

A devandita proposta someteuse a **DITAME** da COMISION INFORMATIVA DE ECONOMÍA, FACENDA, INDUSTRIA, COMERCIO E EMPREGO do día 29/06/2012, sendo este favorable.

Procédese polo Sr.Alcalde a dar a palabra aos voceiros dos grupos políticos.

DEBATE:

O concelleiro do grupo municipal Partido Popular, D. José Ricardo Besada Gesto pide aclaración.

O alcalde dille que esta relacionada coa transposición da Directiva de servizos e o Real Decreto Lei 19/2011.

O voceiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE, Don José Carlos Gey Hermo, di que van a aprobalo.

A voceira do grupo municipal do BNG, Dona Adelina Ces Quintáns, di que a aproban.

Rematado o debate, sométese a proposta recollida ao principio deste punto a **VOTACIÓN**, e cos votos a favor de 11 concelleiros (os 6 do BNG e 5 do PSOE-PSdeG), 5 abstencións (os 5 do P.P.), e 0 votos en contra do total de 16 concelleiros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación, resulta **APROBADA** nos termos desta.-/

3.- APROBACIÓN DA MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE CONSTRUCCIÓNS, INSTALACIÓN E OBRAS.-

O Sr. Alcalde parte da proposta que figura no expediente deste asunto, que literalmente di:

<<Tal e como se preceptúa no Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas, no artigo 15 a 19, e có fin de adaptar a ordenanza a recente aprobación do Real decreto Lei 19/2012, de 25 de maio, de medidas urxentes de liberalización do comercio e de determinados servizos, pretendese lograr a

dinamización do sector comercial, permitindo un réxime mais flexible de aperturas, mediante a eliminación de cargas e restricións administrativas existentes que afectan ao inicio e exercicio da actividade comercial , en particular mediante a supresión das licencias de ámbito municipal vinculadas cos establecementos comerciais, as súas instalacións e determinadas obras previas.

Emitido o preceptivo informe de intervención, con data 22 de xuño de 2012..

En virtude do exposto, e en consonancia coa documentación do expediente, propónse ó Pleno a adopción do seguinte ACORDO:

Primeiro.- Aprobar provisionalmente a modificación da Ordenanza Fiscal Reguladora do Imposto sobre Construcións, Instalacións e obras, que queda coa a seguinte redacción:

ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE CONSTRUCCIÓNS INSTALACIÓN E OBRAS

No uso das facultades normativas outorgadas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución Española e artigo 106 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, sobre potestade normativa en materia de tributos locais, e de conformidade, asemade, co establecido nos artigos 15 e seguintes, así como no Título II e artigos 100 e seguintes, todos eles do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, regulase mediante a presente Ordenanza fiscal do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras.

Artigo 1º. Feito imponible

1. Constitúe o feito imponible do Imposto a realización, dentro do termo municipal, de calquera construción, instalación ou obra para as que se esixa a obtención da licenza de obras ou urbanística correspondente, obtivérase ou non esta licenza, ou para as que se esixa presentación de declaración responsable ou comunicación previa, se presenten ou non, sempre que a expedición da licenza ou a actividade municipal de verificación posterior corresponda ao Concello de Rianxo.

2. As construcións, instalacións ou obras a que se refire o apartado anterior poderán consistir en:

- A) Obras de construción de edificacións e instalacións de calquera tipo de nova planta.
- B) Obras de demolición.
- C) Obras de modificación ou reforma en edificios, tanto as que modifiquen a súa disposición interior como as que modifiquen o seu aspecto exterior ou as que incidan en calquera clase de instalacións.
- D) Aliñacións e rasantes.
- E) Obras de fontanería e de rede de sumidoiros.
- F) Movementos de terra tales como desmontes, explanacións, escavacións, terrapléns, obras de peche de solares ou terreos, vallas e estadas.
- G) Calquera outras construcións, instalacións ou obras que requiran licenza de obra ou urbanística.

Artigo 2º. Suxeitos pasivos

1. Son suxeitos pasivos deste Imposto, a título de contribuíntes, as persoas físicas, xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei 58/2003 Xeral Tributaria do 17 de decembro, que sexan donos da construción, instalación ou obra, sexan ou non propietarios do inmovible sobre o que se realiza aquela. Para os efectos previstos no parágrafo anterior, terá a consideración de dono da construción, instalación ou obra quen soporte os gastos ou o custo que comporte a súa realización.

2. No suposto de que a construción, instalación ou obra non sexa realizada polo suxeito pasivo contribuínte terán a condición de suxeitos pasivos substitutos do contribuínte quen solicite a correspondente licenza ou que presenten as correspondentes declaracións responsables ou comunicacións previas ou quen realice as construcións, instalacións ou obras. O substituto poderá esixir do contribuínte o importe da cota tributaria satisfeita.

3. Os suxeitos pasivos que residan no estranxeiro durante máis de seis meses de cada ano natural, estarán obrigados a designar un representante con domicilio en territorio español, ós efectos das súas relacións coa Facenda Pública.

Artigo 3º. Responsables

Responderán solidaria e subsidiariamente da débeda tributaria as persoas ou entidades ás que se refiren os artigos 42 e 43 da Lei Xeral Tributaria deste tributo, de acordo co previsto nestes.

Artigo 4º. Exencións

Están exentos do pago do Imposto a realización de calquera construción, instalación ou obra das que sexan propietarios o Estado, as Comunidades Autónomas ou as Entidades Locais que, estando suxeitos ó imposto, vaian a destinarse directamente a estradas, ferrocarrís, portos, aeroportos, obras hidráulicas, saneamento de

poboacións e das súas augas residuais, aínda que a súa xestión se leve a cabo por Organismos Autónomos, tanto se se trata de obras de nova inversión como da súa conservación.

Artigo 5º. Base imponible

A base imponible deste imposto está constituída polo custo real e efectivo da construción, instalación ou obra, e enténdese por tal, a estes efectos, o custo de execución material de aquelas.

Non forman parte da base imponible o Imposto sobre o Valor Engadido e demais impostos análogos propios de réximes especiais, as taxas, prezos públicos e demais prestacións patrimoniais de carácter público local relacionadas, no seu caso, coa construción, instalación ou obra, nin tampouco os honorarios de profesionais, o beneficio empresarial do contratista nin calquera outro concepto que non integre, estritamente, o custo de execución material.

Artigo 6º. Tipo de gravame e cota

1. O tipo de gravame será o 3 por 100.
2. A cota do imposto será o resultado de aplicar á base imponible o tipo de gravame.

Artigo 7º. Devengo

O imposto devengarase no momento de iniciarse a construción, instalación ou obra, aínda cando non contase coa correspondente licenza.

Artigo 8º. Xestión

i Para as obras menores:

- a) O imposto esixirase en réxime de autoliquidación; o suxeito pasivo, no momento de presentar a correspondente solicitude de licenza ou comunicación previa ou declaración responsable ou cando se execute a actividade de verificación municipal posterior, deberá acreditar o ingreso do importe total declarado da débeda tributaria a conta da liquidación que en definitiva corresponda. A base liquidable resultará da aplicación de prezos unitarios que figura no **anexo I**.
- b) O departamento de recadación no momento de concederse a preceptiva licenza ou de executarse a actividade municipal de verificación da execución das obras sometidas ao réxime de comunicación previa ou declaración responsable, practicará unha liquidación complementaria no caso de que a autoliquidación presentada non fose conforme a esta ordenanza.
- c) Unha vez finalizadas as construcións, instalacións e obras, e a vista do custe real e efectivo destas, o Concello, mediante a oportuna comprobación administrativa, modificará se é o caso, a base imponible e practicará a correspondente liquidación definitiva esixindo ou reintegrando a diferenza ao suxeito pasivo.

ii Para as obras maiores:

- a) O imposto esixirase en réxime de autoliquidación; o suxeito pasivo, no momento de presentar a correspondente solicitude de licenza ou comunicación previa ou declaración responsable ou cando se execute a actividade de verificación municipal posterior, deberá acreditar o ingreso do importe total declarado da débeda tributaria, a conta da liquidación que en definitiva corresponda. A base liquidable resultará da aplicación de prezos unitarios que figura no **anexo II**.
- b) O departamento de recadación no momento de concederse a preceptiva licenza ou de executarse a actividade municipal de verificación da execución das obras sometidas ao réxime de comunicación previa ou declaración responsable, practicará unha liquidación complementaria no caso de que a autoliquidación presentada non fose conforme a esta ordenanza.
- c) Unha vez finalizadas as construcións, instalacións e obras, no caso de que o custe real e efectivo delas sexa superior ou inferior ao que serviu de base imponible na autoliquidación ou na liquidación referida no punto anterior, os suxeitos pasivos presentarán no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte a dita finalización, certificado e orzamento final de obra visado polo colexio oficial correspondente, cando se esixiran direccións facultativas, e calquera outro documento que se considere oportuno.
- d) A vista da documentación aportada e das construción, instalacións e obras, realizadas e do custe real e efectivo destas, o Concello, mediante a oportuna comprobación administrativa, modificará, se é o caso, a base imponible e practicará a correspondente liquidación definitiva esixindo ou reintegrando a diferenza ó suxeito pasivo.

^{ee} ^{ra} Cando se modifique o proxecto de construcións, instalacións e obras e houbese incremento de orzamento, unha vez aceptada a modificación pola administración municipal, os suxeitos pasivos deberán presentar autoliquidación complementaria pola diferenza entre o orzamento inicial e o declarado, con independencia de que dera lugar a un novo expediente urbanístico.

^{ea} ^{ra} Para aquelas construcións, instalacións e obras que non conten con licencias, sen prexuízo das sancións que procedan, trala valoración do construído tendo en conta os anexos aplicables a esta ordenanza, procederase á liquidación e esixencia deste imposto.

^{ee} ^{ra} O departamento de urbanismo remitirá ao de recadación relación de construción, instalacións e obras iniciadas ou realizadas sen licenza xunto coa valoración destas co fin de que esta proceda a incoar os procedementos tributarios correspondentes.

- 22 7A O departamento de recadación, sen prexuízo do disposto no punto anterior, realizará as súas propias funcións de comprobación e investigación, así como as reguladas nos artigos 141 e seguintes da Lei xeral tributaria.
- 23 7A O imposto esixírase tamén en réxime autoliquidación no caso de solicitudes de legalización de obras sen licenza ou comunicación previa ou declaración responsable.

Artigo 9º. Comprobación e investigación

A inspección e a comprobación do imposto realizaranse de acordo co previsto na Lei xeral tributaria e nas disposicións ditadas para o seu desenvolvemento.

Artigo 10º. Infraccións e sancións

En todo o relativo á cualificación das infraccións tributarias e á determinación das sancións que lles correspondan en cada caso, aplicarase o réxime regulado na Lei xeral tributaria e nas disposicións que a desenvolven.

DISPOSICIÓN DEROGATORIA ÚNICA: Queda derogada a regulación anterior da Ordenanza fiscal do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras.

DISPOSICIÓN FINAL 1ª: A presente ordenanza entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

ANEXO I

Módulos para a obtención do orzamento de execución material das obras menores.

Establécense os seguintes módulos para calcular o orzamento de execución material mínimo das obras menores.

No listado que segue detállanse, a base física na que se apoia o módulo entre as que distinguimos M², M³, MI e Ud, a tipoloxía da obra e o valor en € de cada unidade.

No caso de que a tipoloxía da obra non se atope contemplada no listado, aplicarase o módulo que de acordo coa natureza da obra e os materiais que se vaian empregar máis se lle asemelle.

Para o calculo do orzamento haberá que multiplicar o número de unidades de que conste a obra menor polo valor asignado a cada tipoloxía.

M² = Metros cadrados.

M³ = Metros Cúbicos.

MI = Metros lineais.

Ud = Unidade.

1. ESCAVACIÓNS, MUROS E TUBERÍAS.

- 1.1. Escavacións de terra a ceo aberto, realizada a máquina en terreo semicomacto: 8,67 euros/m².
- 1.2. Muro de pechamento de bloques de cemento de 1 metro de altura, enfoscado a unha cara e pintado, incluso zapata de cimentación, formigón de cachote a escavación da mesma, incluso p.p. de poste de formigón de vigatione: 43,3 euros/m².
- 1.3. Pechamento de postes de cemento e arame, incluso zapatas de cimentacións illadas: 18,05 euros/ml.
- 1.4. Colocación de tubaría de formigón a unha profundidade media de 1 metro, con diámetro ata 30 cm., incluso escavación, recheo e restitución do pavimento de terra: 34,54 euros/ml.
- 1.5. Colocación de tubería en condición análogas ás da partida anterior, en pavimento de formigón: 75 euros/ml.
- 1.6. Muro de contención de formigón lixeiramente armado, de 1 metro de altura media, incluso zapata corrida de cimentación de formigón de cachote, gabia, escavacións necesarias, perfilado á man do terreo, etc, cun ancho medio de 25 cm.: 95 euros/m².
- 1.7. Colocación de postes de formigón e tres fíos de arame para delimitar finca, afincados sobre o terreo sen ningún tipo de cimentación, a 6,50 €/m.l
- 1.8. Desbroce e limpeza de terreos con medios mecánicos, a 0,77 €/m²
- 1.9. Muro de manpostería 1 cara vista, a 90,15 €/m²
- 1.10. Muro de perpiaño de granito a 93,90 €/m²

2. REFORMAS E ALBANELERÍA.

- 2.1. Reforma interior de vivendas, consistente en derriba de divisións, tabicado posterior con parámetros pintados e alicatados en cociña e baños, pavimentos de terrazo, incluso substitucións de sanitarios en baños: 202,1 euros/m².
- 2.2. Forxado de viguetas de formigón pretensado e bovedillas, piares ou zunchos, encofrado e desencofrado: 57,61 euros/m².
- 2.3. Pechamento exterior, formado por tabicón, cámara de aire para produto illante, tabique de ladrillo, formigón de canetas impermeable, enforcado e pintado ás dúas caras: 51,14 euros/m².
- 2.4. Enfoscado exterior, mestrado realizado con morteiro de cemento, posterior pintado con pintura plástica: 15,18 euros/m².
- 2.5. Revestimento de fachada exterior, con plaqueta de 10x20 ou similar: 21,66 euros/m².
- 2.6. Apertura de oco para porta exterior, en pechamento exterior e colocación da mesma: 613 euros/unidade.
- 2.7. Apertura de oco para fiestra, en pechamento exterior e colocación da mesma: 418 euros/unidade.
- 2.8. Alicatado de azulexo, colocado con cemento adhesivo: 18,8 euros/m².
- 2.9. Instalación de cuarto de baño sobre estrutura existente: 2.116 euros/unidade.
- 2.10. Construción de cuarto de baño nas condicións da partida anterior, incluso pechamento de estrutura cuberta, etc. : 4.181,26 euros/unidade.
- 2.11. Pintura e limpeza de fachadas exteriores, a 8,07 €/m².

2.12. Pintura plástica en interiores, 6,95 €/m²

3. CUBERTAS E BAIXANTES.

- 3.1. Cuberta, incluíndo viguetas de formigón, chapas de fibrocemento e tella do país, a 50,72 €/m².
- 3.2. Renovación de teitume con simple reparación de armadura de cuberta, sen modificación de cuberta nin elevación volume: 20,95 euros/m².
- 3.3. Baixante de tubaría P.V.C.: 11,36 euros/ml.
- 3.4. Substitución de forxado, elevación de paredes e nova formación de cuberta, cunha elevación máxima dun metro: 158,84 euros/m².
- 3.5. Formación de cuberta con chapas de fibrocemento, 15 €/m².
- 3.6. Colocación de tella do país enriba das chapas de fibrocemento existentes, a 26,97 €/m².

4. ALPENDRES E GARAXES.

- 4.1. Alpendre ou garaxe ata 25 m² con paredes de bloques de cemento e cuberta de uralita e tella do país ou similar sobre viguetas de cemento, enfoscado exterior, pintado, pavimento de soleira de cemento, sen falso teito nin forxado, 93,75 €/m².
- 4.2. Alpendre ou garaxe de 25 ata 50 m², realizado con paredes de bloques de cemento, cuberta de uralita e tella do país ou similar, enfoscado e pintado exterior, pavimento de soleira de cemento, sen falso teito nin forxado a 157 €/m².

MINIMOS DE UNIDADES DE OBRA:

- a) Obras de construción de edificacións e instalacións de tódalas clases, de nova planta e superiores a 40 m² de superficie total, un mínimo de 146,56 euros.
- b) Obras de ampliación de edificios e instalacións de tódalas clases xa existentes, un mínimo de 111,20 euros.
- c) As modificacións e reformas que afecten á estrutura de edificios e instalacións xa existentes, un mínimo de 73,67 euros.
- d) As modificacións do aspecto exterior de edificios e instalación de tódalas clases, xa existentes, un mínimo de 43,70 euros.
- e) As obras que modifiquen a disposición interior dos edificios, calquera que fose o seu uso, un mínimo de 36,10 euros.
- f) As obras que teñan que realizarse con carácter provisional, ás que se refire o artigo 58.2 do texto refundido da Lei do Solo, un mínimo de 28,26 euros.
- g) As obras de instalación de servizos públicos, un mínimo de 28,17 euros.
- h) Obras menores non especificadas anteriormente, un mínimo de 28,17 euros.
- i) Os movementos de terra, que devengarán uns dereitos de 0,09 euros/m², cun mínimo de 26,04 euros.
- j) As demolicións, un mínimo de 66,093 euros.
- k) Aperturas de pozos de auga, 600 euros.
Construción de fosas sépticas, 800 euros.

ANEXO II

Manual para obter o orzamento de execución material dunha construción ou obra maior: orzamento de referencia

A.-Normas xerais, criterios de valoración.

1. Un traballo considerárase incluído no punto que lle corresponde de acordo co destino predominante da superficie, incluíndose as superficies con destinos minoritarios, só se dividirá en varios puntos cando cada destino minoritario supere o 20% da superficie total; neste caso valorárase independentemente.
2. A superficie total construída é a suma de cada unha das plantas do edificio, medida dentro dos límites definidos polas liñas de fachada, tanto interiores como exteriores e os eixes de medianeras compartidos se se dar o caso.

B.-Estimación simplificada dos orzamentos de execución material da edificación

B.1.1. Definicións:

Mb.- Módulo básico.

Mc.- Módulo de construción ou de referencia.

S.- Superficie total construída en m².

Ct.- Coeficiente corrector en función da tipoloxía da edificación.

Cu.- Coeficiente corrector en función do uso da edificación.

Pemb.- Orzamento de execución material segundo módulos básicos.

Pem.- Orzamento de execución material do proxecto.

B.1.2. Valores de aplicación.

B.1.3. Módulo básico.

Estabécese un prezo en €/m² de edificación da tipoloxía da edificación aplicábel ás distintas construcións.
Mb=468,00 €/m².

B.1.4. Superficie construída por uso:

Un traballo considérase ou non incluído no apartado que lle corresponde de acordo co uso predominante da superficie, no que se inclúen as superficies con destinos minoritarios, tal e como se especifica no punto 1.1.1.

B.1.5. Coeficiente por tipoloxía: (Ct)

1. En edificacións de nova planta e adicións:

1,20 Edificación illada (4 fachadas) vivanda familiar illada e sotos 3º e seguintes.

1,10 Agrupación en fila, sotos 1º e 2º.

1,00 Edificio en rreiro pechado, edificación aberta vivanda colectiva.

2. En obras de reforma e rehabilitación:

- 1,20** Rehabilitación total, incluído desmontar fachadas.
- 1,00** Adecuación interior de plantas baixas e entrecháns, rehabilitación integral do edificio conservando só fachadas.
- 0,65** Rehabilitación de instalacións e acabados.
- 0,50** Reformas que afecten só a elementos estruturais.
- 0,35** Rehabilitación de fachadas e substitución de carpintería e peches (referido á superficie de fachada).
- 0,30** Reformas de pouca entidade que non afecten a elementos estruturais ni a instalacións (acabados interiores)
- 0,02** Demolicións e derrubamentos (aplicada á superficie que se vaia demoler).

B.1.6. Coeficiente de uso. Cu.

- Segundo o tipo de edificación:
- 1,60** Auditorios, museos teatros, hoteis de 5 estrelas, edificios bancarios.
 - 1,50** Hospitais, laboratorios.
 - 1,40** Bibliotecas, facultades e escolas universitarias, hoteis de catro estrelas, edificios penitenciarios, terminais marítimas e aéreas.
 - 1,30** Clubs sociais, cines, centros de saúde, balnearios, hoteis de tres estrelas, salas de festas, discotecas, colexios con residencia.
 - 1,20** Casas de cultura, casas consistoriais, locais bancarios, consultorios, centros de culto, cuarteis e matadoiros.
 - 1,10** Vivenda, hoteis de dúas estrelas, residencias universitarias, moteis.
 - 1,00** Residencias VPO, oficinas, garderías, centros escolares, hoteis dunha estrela, ambulatorios, hostais-residencia, restaurantes, estacións de autobuses, salas de exposicións, piscinas cubertas.
 - 0,90** Bares, mercados.
 - 0,80** Centros comerciais, pavillóns deportivos cubertos, vestiarios, bungalows, servizos cámping.
 - 0,65** Edificios de estacionamento, locais comerciais, establecementos comerciais, industria escaparate.
 - 0,50** Piscinas descubertas, cemiterios.
 - 0,40** Garaxes e estacionamentos, estacións de servizo.
 - 0,35** Trasteiros, locais en planta baixa ou semisoto sen uso específico, terrazas asoportaladas e terrazas abertas.
 - 0,30** Almacéns e naves industriais, instalacións deportivas descubertas, naves, granxas, cubertos, depósitos, bancadas, panteóns (por nicho).
 - 0,15** Acondicionamento de naves con obras mínimas.
 - 0,10** Proxectos de urbanización (adsritos a edificacións), áreas deportivas, parcelas cámping.
 - 0,05** Xardíns, pistas de terra e formigón, piscinas privadas, tratamento de espazos exteriores, acondicionamento de terreos.

C.-Obtención do orzamento de execución material segundo módulos básicos: Pemb.

C.1.1. Módulo de construción:

$$Mc = Mb \times Ct \times Cu$$

C.1.2. Orzamento de execución material segundo módulos básicos:

$$Pemb = Mbi \times Si$$

Mci. Módulo de acordo coa construción que corresponda ao destino dominante da superficie

Si. Superficie construída de acordo co destino predominante da mesma.

Este orzamento así obtido será o orzamento de referencia para o cálculo da liquidación.

Segundo.- Expoñer o ó público no taboleiro de Edictos da Corporación e no Boletín Oficial da Provincia e nun diario dos de máis difusión da Provincia, durante trinta días, para que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas. De non formularse reclamacións entenderase definitivamente aprobado o acordo, ata entón provisional, sen necesidade dun novo acordo plenario.

Terceiro.- Os acordos definitivos, incluído os provisionais elevados automaticamente a tal categoría e o texto íntegro das Ordenanzas ou das súas modificacións, deberán publicarse no B.O.P., sen que entren en vigor ata que se leve a cabo dita publicación.

A devandita proposta someteuse a **DITAME** da COMISION INFORMATIVA DE ECONOMÍA, FACENDA, INDUSTRIA, COMERCIO E EMPREGO do día 29/06/2012, sendo este favorable.

O alcalde di que non é unha nova ordenanza senon que ante o novo marco regulador o que se fai e adaptar esta ordenanza aos outros medios de apertura de establecementos aparte da licenza como son a comunicación previa e declaración responsable, onde o control municipal e posterior.

Procédese polo Sr.Alcalde a dar a palabra aos voceiros dos grupos políticos.

DEBATE:

A voceira do grupo municipal Partido Popular, D.^a M^a Vanesa Martínez Duran di que van a absterse.

O voceiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE, Don José Carlos Gey Hermo, di que van a aprobalo.

A voceira do grupo municipal do BNG, Dona Adelina Ces Quintáns, di que van a apoiar.

Rematado o debate, sométese a proposta recollida ao principio deste punto a **VOTACIÓN**, e cos votos a favor de 11 concelleiros (os 6 do BNG e 5 do PSOE-PSdeG), 5 abstencións (os 5 do P.P.), e 0 votos en contra do total de 16 concelleiros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación, resulta **APROBADA** nos termos desta.-/

4.- APROBACIÓN DA MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA ACTIVIDADE DE CONTROL E VERIFICACIÓN DE ACTUACIÓN S URBANÍSTICAS.-

<<Tal e como se preceptúa no Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas, no artigo 15 a 19, e có fin de adaptar a ordenanza a recente aprobación do Real decreto Lei 19/2012, de 25 de maio, de medidas urxentes de liberalización do comercio e de determinados servizos, pretendese lograr a dinamización do sector comercial, permitindo un réxime mais flexible de aperturas, mediante a eliminación de cargas e restriccións administrativas existentes que afectan ao inicio e exercicio da actividade comercial , en particular mediante a supresión das licencias de ámbito municipal vinculadas cos establecementos comerciais, as súas instalacións e determinadas obras previas.

Emitido o preceptivo informe de intervención, con data 22 de xuño de 2012.

En virtude do exposto, e en consonancia coa documentación do expediente, propónse ó Pleno a adopción do seguinte ACORDO:

Primeiro.- Aprobar provisionalmente a modificación da Ordenanza Fiscal reguladora da Taxa pola actividade de control e verificación de Actuacións Urbanísticas: que queda coa a seguinte redacción:

ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA ACTIVIDADE DE CONTROL E VERIFICACIÓN DE ACTUACIÓN S URBANÍSTICAS
--

Artigo 1º. - Fundamento e natureza

No uso das facultades normativas outorgadas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución Española e artigo 106 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, sobre potestade normativa en materia de tributos locais, e de conformidade, asemade, co establecido nos artigos 15 e seguintes, así como nos artigos 20 e seguintes, todos eles do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, regulase mediante a presente Ordenanza fiscal a Taxa pola actividade municipal de control e verificación das actuacións urbanísticas, tanto das que precisen licenza como das sometidas ao réxime de comunicación previa ou declaración responsable.

Artigo 2º. - Feito imponible

1. Constitúe o feito imponible da taxa a actividade municipal, técnica e administrativa tendente a verificar se os actos de edificación e uso do solo a que se refire o artigo 194 da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia , así como a súa normativa de desenvolvemento, e que teñan que realizarse no término municipal, axústanse ás normas urbanísticas, de edificación e policía previstas na citada Lei e no Planeamento e normativa urbanística de este concello.

Artigo 3º. - Suxeito pasivo

1. Son suxeitos pasivos contribuíntes as persoas físicas ou xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei 58/2003 de 17 de decembro, Xeral Tributaria:

- a) Solicitantes da respectiva licenza ou que presenten a comunicación previa ou declaración responsable nos casos en que proceda.
- b) Executantes das instalacións, construcións e obras cando se procedera sen a preceptiva licenza ou sen presentar a comunicación previa ou declaración responsable cando se permita.

2. En todo caso, terán a condición de substitutos do contribuínte, os constructores e contratistas das obras.

Artigo 4º. - Responsables

Responderán solidaria e subsidiariamente da débeda tributaria as persoas ou entidades ás que se refiren os artigos 42 e 43 da Lei Xeral Tributaria deste tributo, de acordo có previsto nos mesmos

Artigo 5º. - Cota tributaria

1. A cota tributaria determinarase por unha cantidade fixa sinalada segundo a natureza do expediente a tramitar, de acordo coa tarifa que contén o artigo seguinte.
2. A cota de tarifa corresponde á tramitación completa do expediente de que se trate, dende a súa iniciación ata a súa resolución final de concesión da licenza ou denegación ou de conformidade ou non da verificación posterior da comunicación previa ou declaración responsable, incluída a súa certificación e notificación ao interesado.

Artigo 6º.- Tarifas

CONCEPTO	COTA
primeira ocupación e modificación do uso	0,105 % sobre P.E.M. da mesma
Parcelacións e segregacións urbanísticas	60€
Actuacións urbanísticas que non requiren proxecto técnico	30€
Actuacións urbanísticas que requiren proxecto técnico	0.31% sobre o P.E.M da mesma

En todo caso, os importes sinalados neste artigo non inclúen o custo de inserción na prensa dos anuncios nos casos previstos na lei.

Artigo 7º. - Beneficios fiscais

Non se concederá exención nin bonificación na exacción da taxa, agás aqueles expresamente recollidos nas normas con rango de lei ou os derivados da aplicación de Tratados Internacionais.

Artigo 8º. - Devengo

1. Devengarase a taxa e nace a obriga de contribuír cando se inicie a actividade municipal que constitúe o seu feito imponible. Para os efectos, entenderase iniciada dita actividade na data de presentación da oportuna solicitude da licenza urbanística ou coa presentación da comunicación previa ou declaración responsable nos casos en que proceda, se o suxeito pasivo formulase expresamente esta.
2. Cando as obras se iniciasen ou executasen sen ter obtido a oportuna licenza ou presentado a comunicación previa ou declaración responsable nos casos en que proceda, a taxa devengarase cando se inicie efectivamente a actividade municipal conducente a determinar se a obra en cuestión é ou non conforme coa normativa aplicable, con independencia da iniciación do expediente administrativo que poida instruírse para tal efecto ou a súa demolición se non foran conformes á normativa aplicable.
3. A obriga de contribuír, unha vez nacida, non se verá afectada en modo algún pola denegación da licenza solicitada, nin pola renuncia ou desistimento do solicitante unha vez concedida a licenza. Igualmente acontecerá en caso de desconformidade da comunicación previa ou declaración responsable presentada coa normativa aplicable ou retirada da comunicación previa ou declaración responsable ou por ser incompletas ou inexactas.

Artigo 9º. - Declaración.

1. As persoas interesadas na execución de obras presentarán, previamente, no rexistro xeral a oportuna solicitude de licenza ou presentaran a comunicación previa ou declaración responsable cando proceda, achegando proxecto visado polo Colexio Oficial respectivo, con especificación detallada da natureza da obra e lugar de emprazamento, na que se fará consta-lo importe estimado da obra, medicións e o destino do edificio.
2. Cando se trate de aqueles actos en que non sexa esixible a formulación de proxecto suscrito por técnico competente á solicitude de licenza ou comunicación previa ou declaración responsable achegarase un orzamento das obras a realizar, así como unha descrición detallada da superficie afectada, número de departamentos, materiais a empregar e, en xeral, das características da obra ou acto, os datos da cal permitan comprobar o custo daqueles.
3. Se despois de formulada a solicitude de licenza ou presentada a comunicación previa ou declaración responsable cando proceda, se modificase ou ampliase o proxecto deberá poñerse en coñecemento da

Administración Municipal, achegando o novo orzamento ou o reformado e, no seu caso, planos e memorias da modificación ou ampliación.

Artigo 10º. - Réxime de ingreso

De acordo coa potestade recoñecida no artigo 27 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, establécese o réxime de autoliquidación da taxa. Para os efectos, o solicitante presentará a declaración-liquidación da taxa e xustificante de ter ingresado a cota tributaria ao mesmo tempo que solicita o outorgamento da correspondente licenza urbanística ou que presenta a comunicación previa ou declaración responsable.

Artigo 11º. - Infraccións e sancións

En todo o relativo á cualificación de infraccións tributarias, así como das sancións que corresponden en cada caso, estarase ao disposto nos artigos 178 e seguintes da Lei 58/2003 de 17 de decembro, Xeral Tributaria

DISPOSICIÓN FINAL

A presente ordenanza entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

Segundo.- Expoñer o ó público no taboleiro de Edictos da Corporación e no Boletín Oficial da Provincia e nun diario dos de máis difusión da Provincia, durante trinta días, para que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas. De non formularse reclamacións entenderase definitivamente aprobado o acordo, ata entón provisional, sen necesidade dun novo acordo plenario.

Terceiro.- Os acordos definitivos, incluído os provisionais elevados automaticamente a tal categoría e o texto íntegro das Ordenanzas ou das súas modificacións, deberán publicarse no B.O.P., sen que entren en vigor ata que se leve a cabo dita publicación.>>

A devandita proposta someteuse a **DITAME** da COMISION INFORMATIVA DE ECONOMÍA, FACENDA, INDUSTRIA, COMERCIO E EMPREGO do día 29/06/2012, sendo este favorable.

O alcalde di que non é unha nova ordenanza senon que ante o novo marco regulador o que se fai e adaptar esta ordenanza aos outros medios de apertura de establecementos aparte da licenza como son a comunicación previa e declaración responsable, onde o control municipal e posterior.

Procédese polo Sr.Alcalde a dar a palabra aos voceiros dos grupos políticos.

DEBATE:

A voceira do grupo municipal Partido Popular, D.^a M^a Vanesa Martínez Duran di que van a absterse.

O voceiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE, Don José Carlos Gey Hermo, di que se poñen uns mínimos que son moi inferiores aos custos do servizo de verificación.

A voceira do grupo municipal do BNG, Dona Adelina Ces Quintáns, di que van aprobala.

Rematado o debate, sométese a proposta recollida ao principio deste punto a **VOTACIÓN**, e cos votos a favor de 11 concelleiros (os 6 do BNG e 5 do PSOE-PSdeG), 5 abstencións (os 5 do P.P.), e 0 votos en contra do total de 16 concelleiros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación, resulta **APROBADA** nos termos desta.-/

5.- APROBACIÓN DA ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DAS ACTIVIDADES DE SERVIZOS E PROCEDIMENTOS DE INTERVECIÓN E CONTROL MUNICIPAL.-

O Sr. Alcalde parte da proposta que figura no expediente deste asunto, que literalmente di:

<<En consonancia co establecido pola Directiva de Servizos 2006/123/CE e as normas de transposición ditadas tanto estatais como autonómicas.

Observado o novo réxime de verificación e control resultante, xa non só de carácter previo senón tamén a posteriori co fin de garantir unha maior flexibilidade na apertura de negocios dentro do mercado da Unión Europea.

Sendo preciso contar cunha Ordenanza reguladora das actividades de servizos e os procedementos de intervención e control municipais, para cuxo efecto ditouse providencia solicitando informe sobre o procedemento e elaborouse un texto xunto con formularios ad hoc.

Incorporado o día 15/06/2012 o informe de Secretaría sobre os trámites procedimentais e da conformidade do texto da ordenanza coa normativa aplicable e as súas esixencias.

Tendo en conta que conforme ó artigo 22.2. d) da Lei 7/1985, de bases de réxime local, a aprobación de Ordenanzas é unha competencia indelegable do Pleno da Corporación, bastando maioría simple, propoño a este órgano a adopción do seguinte **ACORDO**:

Primeiro: Aprobar inicialmente a Ordenanza municipal reguladora das actividades de servizos e procedementos de intervención e control municipais, cuxo texto se achega con esta proposta.

Segundo: Expoñer ao público dita disposición mediante anuncio no taboleiro de edictos da Corporación e no Boletín Oficial da Provincia, durante un prazo de trinta días hábiles, para a presentación de reclamacións e alegacións polos interesados.

Terceiro: De haber alegacións, resolveranse en nova sesión do pleno corporativo. No caso de non se producir reclamacións durante o prazo sinalado, entenderase aprobada definitivamente a ordenanza sen necesidade de novo acordo, de conformidade co artigo 49 da Lei 7/85. Posteriormente publicarase o texto completo no BOP, entrando en vigor unha vez transcurrido o prazo de 15 días previsto no artigo 65.2º da Lei 7/85.

Cuarto: Comunicar esta transposición normativa á Comisión Europea a través da Xunta de Galicia.

ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DAS ACTIVIDADES DE SERVIZOS E DOS PROCEDEMENTOS DE INTERVENCIÓN E CONTROL MUNICIPAIS

Exposición de motivos

A Directiva 2006/123/CE do 12 de decembro relativa aos servizos no mercado interior e publicada no DOUE o 27/12/2006, aprobouse cara a acadar un mercado europeo mais competitivo na economía mundial e que redundara nunha maior produtividade e, por ende, nun impulso do tecido empresarial así como do emprego. Esta directiva, de xeito transversal, ven a ser a normativización da xurisprudencia ditada polo Tribunal Superior de Xustiza da Unión Europea en relación á liberdade de establecemento e prestación de servizos. Para ilo un dos seus obxectivos é eliminar os obstáculos xurídicos e administrativos ao desenvolvemento das actividades de servizos.

A súa transposición á lexislación dos Estados membros supuxo a obriga de revisar a normativa e adaptala as prescricións da directiva en canto aos réximes de autorización que limiten a liberdade de implantación e exercizo, a súa motivación, limitacións e características dos requisitos esixidos.

O Estado español aprobou para tal fin a Lei 17/2009 do 23 de novembro, sobre o libre acceso as actividades de servizos e o seu exercizo, que estableceu un marco común para a súa regulación partindo do principio de non suxeición a réxime de autorización previa agás razón imperiosa de interese xeral. Ademais sinala a obriga das administracións públicas de adaptar as súas disposicións (D.T.3ª), revisar os procedementos e trámites aplicables ao establecemento e a prestación de servizos co obxecto de impulsar a súa simplificación, evitando a petición de orixinais ou copias compulsadas agás casos xustificados (art.17). O artigo 18 da Lei regula o establecemento dun “portelo único” e a implantación da xestión electrónica dos trámites.

A devandita lei completouse coa Lei 25/2009, que modifica diversas leis para a súa adaptación á lei 17/2009. Destaca a modificación do marco regulador estipulado no artigo 84 da Lei 7/1985 de 2 de abril reguladora das Bases de Réxime Local, de xeito que se limita o sometemento a licenza ou autorización previa aos novos principios, e se engade como outro medio de intervención a comunicación previa e declaración responsable nos termos do artigo 71 bis da Lei 30/1992, de réxime xurídico e procedemento administrativo común, sen prexuízo do control posterior de verificación.

Na mesma liña muda a referencia aos mecanismo de intervención no Regulamento de servizos das corporacións locais, aprobado por Decreto 17/06/1955, na modificación operada polo RD.2009/2009 do 23 de decembro.

Posteriormente, a Lei 1/2010 de ordenación do comercio polo miúdo establece o réxime xeral de autorización salvo o que poidan regular as Comunidades Autónomas.

A Lei 2/2011 de economía sostible da unha nova volta engadindo o artigo 84 bis e 84 ter nos que permite o mantemento de autorizacións nuns concretos termos, e insiste na obriga da Entidades Locais de planificar os procedementos de comunicación necesarios e verificación posterior do cumprimento dos requisitos, debendo adaptar a normativa existente sobre licenzas locais de actividade e darlle publicidade aos procedementos nos que subsiste a licenza.

O Real Decreto lei 19/2012 de medidas urxentes de liberalización do comercio e determinados servizos procura establecer un mínimo común denominador para todo o Estado eliminando todos os supostos de autorización ou licenza municipal previa que estiveran motivados na protección do medio ambiente, da seguridade e da saúde públicas, cando se trate de establecementos comerciais dos previstos no anexo da lei, sempre que a súa superficie útil e de exposición e venda ao público non sexa superior a 300m² e incluso para obras que no requiran proxecto técnico. Habilítase ás Entidades Locais a regular o procedemento de comprobación posterior (art.5.2^o)

Pola súa banda, a Comunidade Autónoma de Galicia aprobou a Lei 1/2010 do 11 de febreiro de modificación de diversas leis de Galicia na que engade un artigo 252 bis á Lei 5/1997, de Administración local de Galicia e modifica o artigo 286 nos termos do artigo 84 LBRL. Asemade efectúa modificacións sectoriais optando por diferentes réximes. Tras ela adoptáronse novos textos para a adaptación á directiva como son, entre outros:

- || a Lei 13/2010 de modificación da Lei de comercio interior de Galicia, bastando comunicación previa ou declaración responsable para a apertura de establecementos comerciais (art.28) agás: unha grande superficie que require a autorización autonómica (que suplirá a licenza) ou si a actividade este suxeita ao trámite de incidencia, efecto ou impacto ambiental ou ao informe autonómico sanitario. Ademais determínanse as condicións xerais para o exercizo da actividade comercial (art. 5). E respecto da licenza debe outorgarse atendendo as cuestións urbanísticas, de seguridade, salubridade e medio ambientais (coincidindo co disposto no artigo 22.2 RSCL 1955). No caso de certas actividades remítese á normativa específica.
- || O Decreto 111/2010 polo que se modifican diversos Decretos en materia de agricultura, formación agraria e conservación da natureza para adaptalo á Directiva 2006/123/CE.
- || A Lei 13/2011 do 16 de decembro reguladora da política industrial de Galicia, que establece como réxime xeral o da comunicación previa ou declaración responsable e en calquera caso sempre que se establecese así mediante lei por razóns de orde pública, seguridade e saúde pública, seguridade e saúde no traballo ou protección do medio ambiente, ou cando se establecese regulamentariamente para o cumprimento de obrigacións derivadas da normativa comunitaria ou de tratados e convenios internacionais (art.36 e 37)
- || A Lei 7/2011 do 11 de novembro de turismo de Galicia. Regula o réxime para o inicio da actividade turística (e para cambios substanciais destas) que será mediante declaración responsable que ademais o autoclasificará (art.41), con certas excepcións onde bastará comunicación previa ao órgano autonómico competente en turismo. Cómpre destacar o estipulado no artigo 49 sobre o informe potestativo previo sobre os requisitos mínimos de infraestructura e servizos que tamén poderá solicitarse polos concellos na tramitación das licenzas.
- || O Decreto 58/2012 do 12 de xaneiro polo que se modifica o Decreto 50/2000, do 20 de xaneiro, que refunde e actualiza a normativa en materia de xuventude. Efectúa a modificación en relación co inicio da prestación de servizos á xuventude en instalacións xuvenís, modificación substancial destas (afectan a estrutura, volume, distribución, número de prazas ou servizos que se prestan), actividades ao aire libre e escolas de tempo libre, para o que bastará declaración responsable. Tamén para o cambio de titularidade.

Tampouco podemos esquecer outra normativa en materia de actividades ou incidente nela, algunhas anteriores á Directiva de servizos como: o Regulamento de espectáculos públicos e actividades recreativas de 1982, o Decreto 156/1995 polo que se regula a inspección ambiental en Galicia, o Decreto 28/1999 de disciplina urbanística de Galicia, a Lei 9/2002 de ordenación urbanística e do medio rural de Galicia nada sensible nas súas modificacións á directiva como tampouco moita da normativa sanitaria específica. E xa posteriores á norma comunitaria: o Real Decreto legislativo 1/2008 do 11 de xaneiro polo que se aproba o texto refundido da lei de avaliación de impacto ambiental de proxectos, o Decreto 133/2008 de avaliación da incidencia ambiental, a Lei 8/2008 de saúde de Galicia, e para rematar o Real Decreto 8/2011 que modifica o texto refundido da lei do solo.

Sen embargo, en relación co Dereito da Unión Europea, as ordenanzas municipais quedan sometidas ás consecuencias dos principios de primacía e de efecto directo. Por esa razón, aínda cando as ordenanzas son o último chanzo normativo en España deben garantir, por encima das leis estatais básicas e da lexislación autonómica de desenvolvemento, a aplicación directa das liberdades económicas fundamentais consagradas no Tratado de Funcionamento da Unión Europea e dalgunhas disposicións claras e incondicionais da mesma Directiva de servizos. Agora ben e en relación co Dereito interno español, as ordenanzas municipais están sometidas ao principio de xerarquía respecto das leis estatais básicas e da lexislación autonómica de desenvolvemento e tamén deben estar habilitadas por lei cando menos en ámbitos particularmente sensibles á reserva de lei como o administrativo sancionador ou o tributario.

Nesta ordenanza tense tratado de equilibrar canta normativa se mencionou se ben dando cumprimento con prioridade á Directiva 2006/123/CE e ao previsto no Tratado da Comunidade Europea para a liberdade de establecemento e liberdade de circulación de servizos, xa que logo as materias excluídas da aplicación da directiva seguiranse a rexer plenamente polo devandito tratado. Este concello non dispoñía de ordenanza reguladora sobre a materia. Por ilo, con este texto procurase eliminar a inseguridade xurídica que deriva da

falta da concreción dun catálogo a nivel nacional ou autonómico que relacione todas as actividades de servizos, ou cando menos unhas por inclusión e o resto por omisión, e determine o réxime aplicable a cada unha delas.

Remátase con varias disposicións adicionais e unha disposición transitoria que permite acollerse ao novo réxime.

Disposicións xerais

Artigo 1.- Obxecto

Esta ordenanza regula os procedementos e trámites aplicables para o establecemento e inicio da prestación de servizos que se desenvolvan no termo municipal de Rianxo co obxecto de impulsar a súa simplificación e darlle publicidade ao sistema de verificación posterior por parte dos servizos técnicos municipais.

Artigo 2.- Ámbito material

2.1. As actuacións ás que se dirixe esta ordenanza son aquelas que supoñen o desenvolvemento dunha actividade a cambio dunha contraprestación económica tanto no sector industrial como comercial ou de servizos.

2.2. O desenvolvemento de actividades permítese con carácter xeral mediante comunicación previa ou declaración responsable. Esixirase previa licenza ou autorización naqueles supostos que se determine legalmente.

2.3. Asemade abranguerá a execución de obras vinculadas ás actividades do parágrafo 1 deste artigo cando así se estableza pola normativa de aplicación.

Sen embargo, para o caso en que se requira licenza de edificación a actividade non poderá ser iniciada ata a acreditación formal do remate correcto de aquela, con independencia da previa comunicación da actividade polo promotor achegada coa documentación correspondente.

2.4. Exclúense aquelas actividades respecto das que exista ou se adopte normativa específica conforme á xurisprudencia do Tribunal de Xustiza da Comunidade Europea. Tamén se exclúen aquelas que se pretendan desenvolver en bens suxeitos a autorización do órgano autonómico competente en materia de patrimonio histórico-artístico.

Artigo 3.- Medios de intervención

Os medios de intervención nas actividades de servizos e obras vinculadas ás que se refire os parágrafos 1º e 2º do artigo anterior son os estipulados na Lei 7/1985 de bases de réxime local nos termos indicados no artigo 71 bis da Lei 30/1992, de réxime xurídico e procedemento administrativo común así como demais normativa de aplicación.

Artigo 4.- Cambio de titularidade da actividade

4.1. Bastará a comunicación previa do antigo e novo titular para efectuar o cambio de titularidade da actividade sempre que non se modificaran as características do local ou da actividade que obtivera licenza ou respecto do que se formulou a declaración responsable ou comunicación previa.

Nos casos en que así se determine legalmente empregarase a fórmula da declaración responsable para o cambio de titularidade.

4.2. En calquera caso, o cambio de titularidade terá lugar sen mais documentación que a que permita identificar os titulares implicados, o local e o expediente de actividade en cuestión mediante o título anterior, de xeito que poda verificarse en calquera momento.

4.3. Os efectos do cambio de titularidade serán dende a recepción do escrito cos ditos datos no rexistro municipal, con independencia da súa dación de conta ao órgano municipal competente ou órgano autonómico que corresponda. Exclúense aqueles casos determinados legalmente en que o cambio deba ser comunicado unicamente a outra instancia non municipal.

Artigo 5.- Requisitos para o desenvolvemento da actividade

5.1. Con carácter xeral:

- a) Instancia cos datos identificativos do promotor e localización da actividade formulando a solicitude de tramitación (formularios normalizados nos anexos desta ordenanza)
- b) copia do NIF do promotor caso de ser persoa física, ou CIF de ser persoa xurídica.
- c) copia do NIF do seu representante e acreditación da representación, de se-lo caso.
- d) Memoria asinada polo técnico competente na que se detallen os aspectos básicos que definan a actividade (2 exemplares en papel e 1 en CD), isto é: descrición da actividade a desenvolver, persoal, maquinaria a empregar, produtos. Superficie do local, distribución.
- e) Planos de situación en cartografía municipal da actividade e plano do local coas súas instalacións, este último asinado por técnico competente.
- f) Declaración responsable asinado por técnico competente que expresamente indique o cumprimento polo local e actividade da normativa urbanística, de seguridade, salubridade, protección ambiental e

- accesibilidade, e no seu caso, das ordenanzas municipais e demais normativa que resulten de aplicación.
- g) Acreditación da situación de legalidade do inmovible onde se vai desenvolver a actividade, mediante:
 - copia da licenza de primeira ocupación do local ou edificio ao que pertence, ou referencia ao acordo e órgano no que se concedeu.
 - Copia da escritura do inmovible, ou nota simple rexistral cuxo asento teña unha antigüidade mínima de 6 anos.
 - Acreditación da Inspección técnica de edificios.
 - h) De non estar a documentación técnica visada - cando non sexa obrigatoria legalmente- o técnico formulara unha declaración da súa identidade e habilitación profesional.-
 - i) Copia da alta no epígrafe fiscal propio da actividade.
 - j) Copia do seguro de responsabilidade civil que responda da actividade fronte a terceiros.
 - k) Outras garantías ou requisitos que se determine legalmente para a actividade.
 - l) Xustificante bancario do abono dos tributos municipais que correspondan.

5.2. Para as obras menores:

5.2.1. Enténdese por tales aquelas que son de escasa entidade técnica, construtiva e económica, que non supoñen alteración do volume, do uso, das instalacións e servizos de uso común ou do número de vivendas ou locais, non afectando ao deseño exterior, á cimentación, ás estruturas ou as condicións de habitabilidade ou seguridade dos edificios. En resume aquelas obras de simple reparación, decoración, ornato ou peche que non precisan proxecto técnico.

5.2.2. A documentación que precisan:

- a) Memoria descritiva das obras incluíndo croquis e plano da zona de actuación e emprazamento.
- b) Orzamento detallado por partidas, sinalando materiais e man de obra asinado por técnico competente.
- c) Tempo de execución das obras non superior a 3 meses.

5.3. Cambio de titularidade

- a) Instancia cos datos identificativos do novo e anterior titular e localización da actividade (formularios normalizados nos anexos desta ordenanza)
- b) Copia do NIF/CIF tanto do titular anterior como do novo titular.
- c) Copia do NIF do representante e acreditación da representación, de se-lo caso.
- d) De se-lo caso, copia do documento testamentario polo que asina outra persoa no lugar do anterior titular e copia da acta de defunción.
- e) orixinal do cartón da licenza (ou copia da declaración responsable ou comunicación presentada no Rexistro municipal)
- f) Copia do alta no epígrafe fiscal do novo titular.

Artigo 6.- Comunicación previa

6.1. Serán obxecto de comunicación as actividades do artigo 2.1. desta ordenanza para as que así se esixa na normativa legal.

6.2. En defecto de determinación legal, serán actividades comunicadas as que sexan de menor transcendencia en relación co medio ambiente, orde público e saúde pública. Para tal fin relaciónanse no Anexo I desta ordenanza, sendo determinadas outras por similitude.

Artigo 7.- Declaración responsable

7.1. Serán obxecto de declaración responsable as actividades do artigo 2.1. desta ordenanza para as que así se esixa na normativa legal.

7.2. En defecto de determinación legal considéranse sometidas a declaración responsable aquelas actividades do artigo 2.1. desta ordenanza que non precisando licenza municipal segundo a normativa precisan dalgunha autorización sectorial. Para tal fin relaciónanse no Anexo II desta ordenanza, sendo determinadas outras por similitude.

7.3. Considéranse sometidas a declaración responsable aquelas actividades do artigo 2.1. desta ordenanza que estando excluídas do ámbito da aplicación da Directiva de servizos 2006/123/CE gozan do marco protector do Tratado da Comunidade europea.

Artigo 8.- Actividades sometidas a licenzas.

8.1. Solicitarase a previa licenza nos casos en que así o esixe a normativa aplicable en atención á protección do medio ambiente ou do patrimonio histórico-artístico, a seguridade e saúde públicas ou que impliquen o uso privativo ou ocupación do dominio público.

8.2. Enténdese que se atopan sometidas a licenza as seguintes actividades:

- a) As incluídas no Decreto 292/2004, do 18 de novembro, polo que se aproba o Catálogo de espectáculos públicos e actividades recreativas da Comunidade Autónoma de Galicia, modificado polo Decreto 160/2005
- b) As actividades relacionadas no decreto 133/2008 que regula o procedemento de avaliación ambiental.

- c) As que requiran autorización ou informe previo e preceptivo doutra administración (protección do medio ambiente, patrimonio histórico artístico, augas, sanidade ...) e non o achegaran coa declaración responsable.
- 8.3. Aquelas actividades que segundo a normativa aplicable requiren previa autorización ou informe preceptivo tramitaranse polo réxime de declaración responsable cando estes se acheguen conxuntamente.

Artigo 9.- Procedemento para o inicio e cese da actividade

9.1. Iníciase coa achega da documentación polo promotor da actividade dirixida ao Rexistro municipal do Concello de Rianxo. Póde tratarse de:

- a) Solicitude de licenza de actividade ou outra autorización coa documentación que sexa preceptiva segundo a normativa de aplicación.
- b) Presentación da comunicación previa ou declaración responsable e documentación sinalada na normativa e nesta ordenanza. No seu caso, cos preceptivos informes ou autorizacións. Para tal fin dispónse de formularios normalizados que se ofrecerán ao promotor na páxina web municipal e na conserxería ou rexistro desta entidade. Os formularios serán debidamente cubertos e achegados ao Rexistro coa documentación que se indica.

9.2. O persoal de Rexistro municipal de entrada verificará a presentación da documentación que di aportar o interesado, requiríndolle que complete os datos. Unha vez plasmado o selo de rexistro daralle inmediato traslado á Sección de actividades e copia da solicitude ao Servizo de Urbanismo para o seu coñecemento.

9.3. Tralo análise da documentación polos técnicos municipais das unidades administrativas competentes en materia de actividades e urbanismo, o trámite a seguir en función de que aquela estea completa e cumpra coa normativa aplicable será:

9.3.1. Sendo incompleta ou incorrecta.

- a) Se do exame resulta que a documentación é incompleta ou incorrecta, requiriráselle para emendala ao abeiro do artigo 71 da Lei 30/1992, de réxime xurídico e procedemento administrativo común. Advertiráselle que de non facelo no prazo indicado arquivarase a solicitude de licenza ou autorización, ou ben terá lugar a declaración da caducidade da comunicación previa ou declaración responsable, non podendo continuar coa actividade.
- b) Se se estima que a actividade en cuestión debe seguir un réxime distinto ao empregado polo interesado, requiriráselle para que axuste a súa actuación a fórmula correcta, incorporándose ao expediente aquela documentación que sexa idónea para esta. Os supostos serían:
 - b.1. cando o interesado presentara ao Concello unha declaración responsable ou comunicación previa sendo o réxime apropiado o de licenza, se lle advertirá de que non poderá executar a obra ou desenvolver a actividade pretendida ata que a obteña. Se xa a iniciara se lle requirirá para que cese de inmediato con tódalas advertencias propias de supostos de reposición á legalidade do infrinxido.
 - b.2. cando o interesado presentara ao Concello unha licenza ou comunicación previa sendo o réxime apropiado o de declaración responsable, se lle sinalará que deberá presentar o documento no que manifesta, baixo a súa responsabilidade, que cumpre cos requisitos establecidos na normativa vixente para acceder ao recoñecemento dun dereito ou facultade ou para o seu exercicio, que dispón da documentación que así o acredita e que se compromete a manter o seu cumprimento durante o período de tempo inherente a dito recoñecemento ou exercicio nos termos esixidos na Ordenanza para a acción pretendida, e, ademais, que non poderá executar a obra ou desenvolver a actividade pretendida ata que presente a mencionada documentación, coas advertencias sinaladas. Advertiráselle que de non facelo no prazo indicado arquivarase o expediente ou terá lugar a declaración da caducidade do procedemento da actividade, polo que non poderá abrir nin continuar con esta.

9.3.2. No caso de ser suficiente a documentación, correcto o sistema empregado e que cumpra todos os requisitos e normativa aplicable ben dende un principio ben trala emenda, o procedemento a seguir será:

- a) No caso das sometidas a licenza ou autorización, sometelas ao órgano competente para a súa concesión previa emisión dos informes xurídicos e técnicos previos e nos termos indicados na normativa aplicable. Xuntamente someterase a solicitude da licenza de obras, de precisarse executalas.
- b) De ser actividades obxecto de comunicación previa ou declaración responsable, cursarase a visita de inspección ao local para comprobar a súa execución e será estendida acta polo técnico municipal e ante o promotor que se incorporará ao expediente, gozando da consideración de documento público e con valor probatorio nos procedementos sancionadores.
 - b.1.- A acta pode ser:
 - Acta de conformidade, e da que se dará conta á Xunta de Goberno Local e posterior inscrición no libro municipal de rexistro de actividades.
 - Acta condicionada, de ser posible a emenda de deficiencias ou adopción de medidas correctoras o promotor comunicara a súa intención de executalas e, previo informe técnico municipal, daráselle un prazo polo técnico municipal para que as efectúe co local pechado previa solicitude das licenzas que no seu caso correspondan. Nos 10 días seguintes ao remate daquel prazo fixado polos servizos técnicos municipais, que en ningún caso será superior a 3 meses, inspeccionarase de novo e estenderase nova acta, que de non ser de conformidade suporá o peche definitivo da actividade, e incluso a obriga da volta a situación xurídica anterior.
 - Acta de desconformidade, cando concorran defectos substanciais o que se lle comunicará nese acto ao promotor ordenando o peche inmediato da actividade dando conta á Xunta de Goberno Local e comunicándollo ao promotor co réxime de recursos correspondente.
 - b.2.- De negarse o promotor a asinar a acta ou a recibir copia, se fara constar o feito mediante dilixencia na que figuren os motivos aducidos, as circunstancias do intento de notificación e, de se-lo

caso, da entrega. En calquera caso, a falta de sinatura non exonera de responsabilidade nin destrúe o seu valor probatorio.

b.3. No caso de especial dificultade ou complexidade pode cumprimentarse a acta polo persoal inspector con posterioridade, remitíndolle orixinal ou copia cotexada ao promotor.

- 9.4. De non terse emendado a documentación no prazo sinalado nin axustarse ao réxime que lle corresponde, a Xunta de Goberno Local declarará, de oficio ou a instancia de calquera persoa, a caducidade do procedemento no caso de comunicacións previas ou declaración responsable e o arquivo do expediente no caso das licenzas.
- 9.5. Para a execución de obras necesarias para a implantación ou exercizo da actividade - sexan de construción ou acondicionamento do local- solicitarase a correspondente licenza urbanística coa documentación técnica esixible.

Excepciónanse da previa obtención de licenza ás obras menores vinculadas a actividades comerciais do RD. 19/2012.
- 9.6. Rematadas as obras o titular da actividade notificarao ao Concello aportando o certificado final de obra do técnico director e os boletíns de instaladores autorizados para que se poida cursar a visita de inspección.
- 9.7. Nos casos en que se exerza unha actividade sen a debida presentación da comunicación ou declaración responsable ou cando a pesar da acta de conformidade efectuou algunha modificación sen comunicala ou declárala, ordenarase o peche do establecemento.
- 9.8. O concello poderá solicitar os informes potestativos previos que se estimen cara a concesión da licenza ou verificación da conformidade da actividade.
- 9.9. Porá fin ao procedemento, ademais da acta de conformidade ou desconformidade ou a resolución concedendo ou denegando a licenza, a renuncia, o desestimento e a declaración de caducidade, así como a imposibilidade material de continualo pola aparición de causas sobrevenidas ou desaparición do obxecto.
- 9.10. Calquera modificación da actividade deberá someterse aos mesmos trámites indicados neste artigo, agás cando se trate unicamente da transmisión de titularidade.
- 9.11. No caso de cese de actividade, o titular desta ou o seu representante comunicarao a este concello no mes seguinte ao que se produza. E posteriormente, unha vez verificado pola Policía Local, darase conta ao órgano municipal competente, e de preverse na normativa tamén ao órgano autonómico ou estatal que corresponda.

Artigo 10.- Efectos da presentación da documentación

10.1. O titular da actividade poderá comezar a exercela a partir de que achegue ao Rexistro municipal do Concello de Rianxo a comunicación previa ou declaración responsable e documentación sinalada na normativa e nesta ordenanza, incluso cos preceptivos informes ou autorizacións de se-lo caso. A data de inicio da actividade será a indicada polo titular da actividade no formulario podendo ser anterior unicamente cando a normativa específica o prevea expresamente. Ilo sen prexuízo de que se cursen as visitas de inspección para comprobar que se axusta á normativa aplicable.

Nos supostos que se requira licenza de actividade ambiental, licenza urbanística para a execución das obras precisas para a implantación da actividade (agás os casos que se excepcionan) ou outra autorización preceptiva segundo a normativa de aplicación non poderá iniciar a actividade ata a concesión daquelas polos órganos competentes e visita da inspección municipal trala execución das obras.

- 10.2. O interesado ou promotor da actividade terá a disposición do público ben a notificación da licenza de actividade ben a acta de inspección de conformidade.
- 10.3. Non se entenderán adquiridas por silencio administrativo aquelas licenzas ou autorizacións contrarias á lexislación ou planeamento urbanístico ou que supoñan a ocupación de dominio público, e polo tanto non se permitirá a apertura do local.
- 10.4. Tampouco surtirán efectos as comunicacións previas e declaracións responsables incompletas, incorrectas ou erróneas por inexactitude, falsidade ou omisión de datos esenciais que non xustifiquen o axuste á normativa, e polo tanto determinarán a imposibilidade de continuar coa actividade ou servizo.
- 10.5. Estas actuacións soamente producirán efectos entre o Concello de Rianxo e o promotor da actividade pero non alterarán as situacións xurídicas privadas deste con terceiros.
- 10.6. As obras menores executaranse no prazo indicado podendo solicitarse prórroga polo promotor que de afectar ao inicio da actividade deberá formular unha comunicación da nova data.
- 10.7. De ocasionar estragos nas vías públicas ou en elementos de titularidade pública como consecuencia da realización dos traballos de adecuación do local ou obras, o promotor responderá da súa reparación con cargo á fianza que aportara, ou ben posteriormente se lle liquidaran os custes que derivaran. Asemade manterá os accesos e vía pública en condicións de seguridade, salubridade e limpeza, e non poderá colocar neles andamios, contedores, escaleiras, máquinas, ferramentas, e calquera instrumento ou obxecto sen a autorización específica municipal.
- 10.8. O réxime procedimental ao que se suxeiten as actividades non exonera aos titulares das súas obrigas de carácter fiscal, administrativo ou civil establecidas na normativa vixente. Tampouco poderán ser

invocadas para excluir ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que incorran os titulares da actividade.

Artigo 11.- Inspección municipal

11.1. O interesado ou promotor da actividade terá a disposición dos técnicos municipais o impreso rexistrado de comunicación previa ou declaración responsable, ou ben a licenza concedida, e facilitará o acceso ao local para a inspección e comprobación da actividade, e de se-lo caso da obra. Asemade permitirá e facilitará a montaxe de equipos e instrumentos para levar a cabo a actuación de control.

11.2. Os servizos técnicos municipais xunto cos membros do Corpo de Policía Local exercerán as funcións de inspección, comprobación e investigación tanto urbanística como ambiental.

11.3. Nos supostos de actuacións sometidas ao réxime de declaración responsable ou comunicación previa, a intervención municipal no exame da documentación se circunscribirá á comprobación da integridade formal da notificación efectuada ao concello, e a suficiencia legal do proxecto técnico, memoria ou calquera outra documentación esixible para prestar a actividade, así como a verificar a súa conformidade ás ordenanzas municipais, a legalidade urbanística, á normativa de seguridade, sanitaria, ambiental e aquelas outras que resulten esixibles, valorando no seu caso as medidas correctoras propostas e o seu grao de eficacia, nos mesmos termos e co mesmo alcance que os establecidos para unha licenza.

A inspección posterior á presentación da comunicación previa ou declaración responsable efectuarase no prazo máximo de 3 meses dende o día seguinte a aquela data. De executarse obras verificará a corrección da documentación a que se refire o artigo 9.6 desta ordenanza.

De vencer o prazo sen terse estendido acta de inspección entenderase que o silencio é positivo, agás nos casos en que unha norma con rango legal e por causas xustificadas de interese xeral ou unha norma de dereito comunitario europeo estableza o contrario. Asemade acontecerá se o interesado efectuou modificacións tanto do local como da actividade posteriormente á comunicación previa ou declaración responsable ou no suposto de que afecte a bens de dominio público local ou patrimoniais públicos.

11.4. En calquera momento poderá levarse a cabo a inspección municipal dos locais para verificar o seu axuste á normativa e réxime aplicable.

11.5. O contido do acta de verificación ou informe de control tanto sexa para licenzas como para comunicacións previas ou declaracións responsables será:

- a) Identificación do titular da actividade.
- b) Identificación do establecemento en que se localiza a actividade e destino deste.
- c) Referenza ás licenzas urbanísticas municipais vixentes.
- d) Identificación do día e hora de expedición desta acta/ informe e das persoas que efectúan a inspección, así como das que asistan en representación da empresa ou promotor.
- e) Constancia, no seu caso, do último control realizado.
- f) Descrición de todas as actuacións practicadas.
- g) Descrición das modificacións que, no se caso, observaranse nas instalacións, procesos e actividades respecto da declaración presentada ou da última actuación de control periódico.
- h) Incidencias que se producieran durante a inspección.
- i) Resumen das manifestacións do titular caso de que o solicite.
- j) Incumprimentos da normativa aplicable que se detectaran.
- k) Indicacións que se lle efectúe ao promotor para emenda dos incumprimentos detectados.
- l) Duración da actuación e sinatura dos asistentes ou identificación de aqueles que se negaran a asinar o informe.

11.6. O exercizo de actividades sen que o interesado dispoña da licenza correspondente ou presentara a comunicación previa ou declaración responsable implicará a apertura dun expediente de reposición da legalidade e dun expediente sancionador.

Artigo 12.- Extinción e caducidade das licenzas, declaracións responsables ou comunicacións previas

12.1. Os dereitos derivados de declaracións responsables ou comunicacións previas se extinguirán polas mesmas causas que as establecidas con carácter xeral para as licenzas.

12.2. Os dereitos derivados de licenzas, declaracións responsables ou comunicacións previas poderán declararse caducados, agás causa non imputable ao seu titular, cando non se iniciara a actividade nos tres meses seguintes á finalización das obras ou implantación das instalacións.

12.3. En todo caso, a caducidade se declarará previa audiencia do interesado.

12.4. A declaración de caducidade extinguirá os dereitos derivados da licenza, declaración ou comunicación, non podéndose exercer a actividade, a non ser traballos de seguridade e mantemento dos cales se dará conta ao concello para o seu control.

Artigo 13.- Revisión de oficio das licenzas concedidas, actuacións declaradas ou comunicadas

13.1. O exercizo dos dereitos derivados das licenzas, declaracións responsables ou comunicacións previas contrarios ao ordenamento xurídico poderán ser revisados a través dos procedementos de revisión de oficio contemplados nos artigos 102 e 103 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

13.2. O inicio do prazo para o exercizo destas facultades se computará desde o día en que se outorgara a licenza polo órgano municipal ou, no caso da declaración responsable ou a comunicación previa cando estas se presentaran no rexistro municipal e se comezara o inicio da actividade non sendo posible legalización algunha. Asemade acontecerá no caso de calquera modificación presentada posteriormente que requírese ser comunicada e non poderá ser xa emendada.

Artigo 14.- Infraccións e sancións.

14.1.No relativo ás infraccións cometidas como consecuencia do inicio das actividades, establecemento do seu exercizo e incluso obras vinculadas, a súa cualificación e as sancións a impoñer, aplicaranse as disposicións xerais coa tramitación do correspondente procedemento sancionador.

14. 2. Son responsables das infraccións, atendendo ás circunstancias concorrentes, quen realice as condutas infractoras, e en particular:

- a) os titulares das actividades
- b) os encargados da explotación técnica e económica da actividade
- c) os técnicos que subscriban a documentación do promotor.

Cando o cumprimento das obrigas establecidas na presente ordenanza corresponda a varias persoas conxuntamente, responderan solidariamente das infraccións que cometan e das sancións que se impoñan. No caso de extinción da persoa xurídica poderá esixirse subsidiariamente ao administrador daquela.

Cando o responsable sexa o técnico que subscriba a documentación, comunicaranse os feitos ao correspondente colexio profesional para que adopte as medidas pertinentes, sen prexuízo das sancións municipais que se podan impoñer.

Disposición adicional primeira.- Avaliación de impacto ambiental

Os proxectos que deban someterse a avaliación de impacto ambiental terán que terse sometido a estes e poder acreditarlo para presentar a comunicación previa ou a declaración responsable.

Disposición adicional segunda.- Tributos a aboar.

Tanto cando se solicite a licenza municipal como cando se presente a comunicación previa ou declaración responsable aboaranse polo promotor as taxas que se deriven da actuación municipal de control e verificación, expedición de documentos e tributos que, en cada caso, correspondan.

Disposición adicional terceira.- Habilitación técnica particular.

Nos supostos en que o visado colexial non sexa obrigatorio, os servizos municipais comprobarán a identidade e habilitación profesional do autor técnico da documentación.

Para tal efecto consultarán os rexistros públicos colexiais correspondentes, e unha vez comprobado incorporarán copia da información contida nos rexistros. De non estar operativo o citado rexistro solicitarase ao profesional unha certificación acreditativa dos extremos indicados.

Respecto dos profesionais establecidos noutros Estados membros da Unión Europea, a comprobación da identidade e habilitación profesional facilitarase coa comunicación que o profesional ten efectuado para o seu desprazamento, conforme ao artigo 7 do Rd. 1000/2010.

Disposición adicional cuarta.- Profesións liberais.-

Os despachos onde se desenvolvan profesións liberais non están sometidas ao réxime de control de actividades recollido nesta ordenanza, se ben o edificio en que se atopen debe dispoñer de licenza de primeira utilización ou modificación de uso - se houbera outro anterior- respecto da área definida en que se atope o despacho.

No caso de que contén con aparellos que requiran algún tipo de autorización sanitaria rexeranse polo estipulado nesta ordenanza.

Disposición adicional quinta.- Formularios normalizados

Conforme ao establecido no artigo 70.bis da Lei 30/92, no anexo III desta ordenanza inclúense varios formularios para o inicio dunha actividade de servizos. Asemade tamén se inclúen os formularios para a transmisión da titularidade dunha actividade.

Facúltase á Alcaldía para manter actualizados os referidos formularios e para aprobar os novos formularios que a proposta dos servizos municipais sexa conveniente establecer para a aplicación desta ordenanza garantindo así a axilidade na posta ao día.

Procurarase a coordinación cos formularios doutras Administracións Públicas con competencias na materia aínda de tipo sectorial.

Disposición transitoria:

Para os procedementos de autorización iniciados con anterioridade o interesado poderá, con anterioridade á resolución, desistir da súa solicitude e optar pola aplicación da nova normativa.

Disposición final.

A presente ordenanza, unha vez aprobada definitivamente ou transcorrido o prazo para alegacións sen habelas, entrará en vigor aos 15 días da publicación íntegra do seu texto no Boletín Oficial da Provincia permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

ANEXO I.- ACTIVIDADES SOMETIDAS A COMUNICACIÓN PREVIA (FORMULARIO CP)

1. Outro comercio polo miúdo non comprendido no anexo do Rd. 19/2012 (nin que precisen LA nin DR)
2. Barberías, saunas, institutos de beleza e similares que non dispoñan de instalacións de raios UVA ou similares.
3. Centros e academias de ensino agás que requiran licenza ou declaración responsable.
4. Centro destinados ao culto relixioso
5. Garaxes para estacionamento de vehículos de uso privado ata 2 vehículos
6. Almacenamento de obxectos e materiais agás os de produtos químicos ou farmacéuticos, combustibles, lubricante, fertilizantes, praguicidas, herbicidas, pinturas, vernices, ceras ou pneumáticos con superficie ata 500m²
7. As antenas de telefonía en estación base existente agás que afecten ao patrimonio histórico-artístico ou implican utilización do dominio público (acompañando autorización do Ministerio de Industria e acordo de compartición co titular da estación base)
8. Centros veterinarios, centros de acalamento e coidado e as residencias caninas e felinas de mais de 5 pezas maiores de 3 meses.

ANEXO II.- ACTIVIDADES SOMETIDAS A DECLARACIÓN RESPONSABLE (FORMULARIO DR)

Grupo 1. Instalacións para a cría de animais domésticos e actividades agrogandeiras.■

- 1.1. Instalacións para a cría intensiva de animais domésticos, sempre que non superen 9 cabezas de gando vacún, equino ou porcino, 15 de ovino ou caprino, 15 coellas nais ou 50 aves.
- 1.2. Actividades de almacenamento de equipos e produtos agrícolas, sempre que non contengan sistemas de refrixeración e/ou sistemas forzados de ventilación, que como máximo conteñan 2.000 litros de gasóleo ou outros combustibles.

Grupo 2. Actividades industriais, sempre que a potencia mecánica instalada non supere os 15 kW e a súa superficie non supere os 400 m².

- 2.1. Talleres de confección, xastrería, peletería e similares.
- 2.2. Talleres auxiliares de construción, tales como carpintería, albanería, escaioistería, cristalería, electricidade, fontanería, calefacción e aire acondicionado.
- 2.3. Talleres de encadernación e aíns.
- 2.4. Talleres de relojería, ourivería, óptica, ortopedia, e outros aíns aos anteriormente indicados.

Grupo 3. Comercio polo miúdo comprendido no RD. 19/2012 (cubrir formulario propio) sempre que a súa superficie sexa inferior a 300m² e non afecte ao patrimonio histórico-artístico nin supoña ocupación do dominio público. Permite tamén a execución de obras menores vinculadas a ditas actividades.

Grupo 4. Comercio polo miúdo non comprendido no RD. 19/2012 (distinto do grupo 3) cando non se trate de grandes superficies.

Grupo 5. Outras actividades sometidas a Declaración responsable.

- 5.1. Oficinas de farmacia (acompañando autorización prevista na Lei 5/1999, de ordenación farmacéutica)
- 5.2. Oficinas bancarias (acompañando autorización do Ministerio Economía e Facenda e Banco de España)
- 5.3. Oficinas de seguros e reaseguros privados (acompañando autorización do Ministerio de Facenda)
- 5.4. Despachos de lotería e outros de xogo por diñeiro(acompañando licenza ou autorización do Ministerio de Facenda e da Consellería de Facenda)
- 5.5. Núcleos zoolóxicos, establecementos de recollida de animais abandonados, establecementos dedicados ao fomento de animais domésticos e salvaxes en cativeiro.
- 5.6. Centros de diagnóstico e laboratorios de análises clínicas sen manipulación de produtos inflamables nin contaminantes.
- 5.7. Clínicas médicas e outros despachos ou oficinas que dispoñan de aparellos ou instalacións de raios X ou similares.
- 5.8. Centros de beleza e similares que dispoñan de instalacións de raios UVA ou similares.-
- 5.6. Locutorios telefónicos.
- 5.7. Talleres de reparación e mantemento de efectos persoais non asociados á venda
- 5.8. Garaxes para estacionamento de vehículos ou aparcadoiros ao aire libre sen límite de prazas
- 5.9. Exposición de vehículos para venda ao aire libre.
- 5.10. Almacenamento de equipos e produtos agrícolas que contengan sistemas de refrixeración e sistemas forzados de ventilación.
- 5.11. Almacenamento de obxectos e materiais agás os de produtos químicos ou farmacéuticos, combustibles, lubricante, fertilizantes, praguicidas, herbicidas, pinturas, vernices, ceras ou pneumáticos con superficie superior a 500m²
- 5.12. Despachos de empresas de traballo temporal (autorización do Servicio Público de Empleo Estatal e do Servicio público autonómico)
- 5.13. Centros e academias de ensino de baile, música e canto. Ximnasia e instalacións deportivas con música, sistemas de refrixeración e ventilación. Autoescolas.
- 5.14. Transporte de mudanzas.
- 5.15. Alquiler de automóviles.
- 5.15. Servizos de seguridade privada (con autorización Ministerio do Interior)
- 5.16. Notarías e rexistros da propiedade (achegando autorización do Ministerio de Xustiza)
- 5.17. Antenas de Telefonía que afecten ao patrimonio histórico-artístico ou implican utilización do dominio público (acompañando autorización do Ministerio de Industria e acordo de compartición co titular da estación base)

A devandita proposta someteuse a **DITAME** da COMISION INFORMATIVA DE ECONOMÍA, FACENDA, INDUSTRIA, COMERCIO E EMPREGO do día 29/06/2012, sendo este favorable.

Procédese polo Sr. Alcalde a dar a palabra aos voceiros dos grupos políticos.

DEBATE:

A voceira do grupo municipal Partido Popular, D.^a M^a Vanesa Martínez Duran felicita a secretaria polo traballo efectuado.

O voceiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE, Don José Carlos Gey Hermo, tamén felicita a secretaria xa que se volcou na súa redacción e xa o dixo na comisión informativa podendo ser innovadora para moitos concellos e onde se tratan de contemplar todos os supostos posibles aínda que pode darse algún caso que haxa que contemplar pero é exhaustiva concretando cales son as actividades nas que bastaría formular polo promotor a comunicación previa ou ben a declaración responsable.

A voceira do grupo municipal do BNG, Dona Adelina Ces Quintáns, di que van a apoiar e agradecer a secretaria. Engade que en Bruselas fan normas pero logo os concellos teñen que aplicala e buscar os recursos para a súa aplicación pero co bo facer dos funcionarios

accesse esta mellora. Espero que isto sirva para que os emprendedores podan crear máis facilmente unha empresa.

Rematado o debate, sométese a proposta recollida ao principio deste punto a **VOTACIÓN**, por unanimidade dos 16 membros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación, resulta **APROBADA** nos termos da mesma.-/

Levántase a sesión ás 21:25 horas, da que se estende a presente acta, do que eu, Secretaria, dou fe.

O Alcalde

A Secretaria

Adolfo Muíños Sánchez

Carolina Costoya Pardo